



PXA 2025-2026

#somosJesuitinas

AUTÓNOMOS, CREATIVOS E COMPROMETIDOS

ÍNDICE

Presentación e identificación do centro.

1. OBXECTIVO XERAL.

- 1.1. Finalidade da nosa escola.
- 1.2. O noso estilo educativo.

2. ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS.

- 2.1. Equipo Directivo.
- 2.2. Consello Escolar.
- 2.3. Claustro de Profesores.
- 2.4. Persoal de Administración e Servizos.
- 2.5. Acción Evanxelizadora.
- 2.6. Órganos de coordinación docente.
- 2.7. Asociación de Nais e Pais.
- 2.8. Participación do alumnado.

3. LIÑA DIDÁCTICA.

- 3.1. Horarios e días non lectivos.
- 3.2. Alumnado.
- 3.3. Informes da avaliación.
- 3.4. Equipos de traballo.
- 3.5. Liña presencial, semipresencial ou telemático.

4. LIÑA EDUCATIVA.

- 4.1. Acción tutorial.
- 4.2. Xornadas formativas.
- 4.3. Actividades complementarias. *Anexas
- 4.4. Servizos complementarios.
- 4.5. Relación familia-colexio.
- 4.6. Outras actividades.

5. LIÑA CONVIVENCIAL.

- 5.1 Plan de convivencia.
- 5.2 Normas xerais.
- 5.3 Celebracións Colexiais.
- 5.4 Outros momentos de convivencia.

6. LIÑA EVANXELIZADORA.

6.1 Plan de Acción Evanxelizadora.

6.2 Grupo Scout.

7. FORMACIÓN DO PROFESORADO E PAS

8. PLANS E PROXECTOS *Anexos

8.1 Plan Lector, escritor e de acceso á información. PLEA.

8.2 Proxecto Dixital.

8.3 Marco estratéxico.

8.4 Colexio Plurilingüe.

8.5 Proxecto de Estimulación Temperá.

8.6 Programa de Intelixencia Emocional.

8.7 Plan Actividades físicas e Hábitos de hixiene.

8.8 Plan Benestar.

8.9 Programa de reforzo educativo PROA+

PRESENTACIÓN

A presente Programación Xeral Anual do COLEXIO HIJAS DE JESÚS, da Fundación Educativa Jesuitinas, responde aos obxectivos e medidas que, programadas no Proxecto Educativo e no Proxecto Curricular, queremos priorizar para o curso 2025/2026 á vista das necesidades que descubrimos e ao interese por realizar a nosa tarefa educativa dun modo responsable e creativo, poñendo especial énfase no traballo das competencias no alumnado.

A Programación Xeral Anual ten a función de garantir a actuación coordinada das estruturas organizativas e dos equipos de coordinación docente, propiciar a participación e colaboración de todos os sectores da comunidade educativa e definir a distribución responsable das tarefas e actividades para conseguir os obxectivos establecidos a nivel de centro.

Este documento será o instrumento que permitirá introducir medidas na organización e funcionamento do centro e nos procesos de ensino coa finalidade de mellorar os resultados educativos.

Os obxectivos da PXA e os plans de mellora que se poden adoptar, deben partir, e ter como base, as conclusións e propostas recollidas na Memoria Final de curso 2024/2025.

A PXA como instrumento de planificación a curto prazo do centro educativo ten como finalidade:

- 1.- Concretar e desenvolver para un curso escolar os documentos de planificación a longo prazo: Proxecto Educativo de Centro.
- 2.- Establecer un plan de seguimento e avaliación do Proxecto Educativo de Centro e/ou das Programacións Didácticas, desde una perspectiva global ou dalgúns dos seus elementos e apartados.
- 3.- Recoller as decisións de carácter anual que afecten á xestión do centro para un curso académico.

Significará a continuidade do programado en cursos anteriores co fin de alcanzar aqueles obxectivos que no seu día se propuxeron e que, ou ben non se acadaron plenamente, ou ben se consideran como sinais de identidade do noso centro e que han de estar sempre presentes.

Pero ao mesmo tempo, debe ser o documento que asegure unha evolución no noso traballo recollendo novos obxectivos e favorecendo e asegurando a participación de todos os membros da nosa comunidade educativa.

IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

Denominación: CPR HIJAS DE JESÚS 15004198

Titularidade: Concertado, na rede de centros da *Fundación Educativa Jesuitinas*.

Niveis educativos que imparte: Segundo ciclo Educación Infantil e Educación Primaria. (Adscrito ao Colegio Maristas Cristo Rey, A Coruña para cursar a ESO)

Servizos que ofrece: Transporte escolar.
Comedor.
Madrugadores e permanencia de tarde.
Actividades extraescolares.

Dirección: Avd. Nueva York, 5

Teléfono: 981285877

Páxina web: www.jesuitinascoruna.es / www.jesuitinas.es

1. OBXECTIVO XERAL

1.1. FINALIDADE DA NOSA ESCOLA

Os Centros da Fundación Educativa Jesuitinas, fieis á intuición de Cándida M^a de Xesús, realizan a misión de educar nun clima evanxélico de liberdade, amor, sinxeleza e alegría, pola entrega dos educadores, a apertura a todos, o especial interese polos máis necesitados e a integración no medio sociocultural, como resposta ás necesidades do entorno. O noso fin é que os nosos alumnos sexan persoas creativas, comprometidas, autónomas e que teñan as competencias necesarias para desenvolverse no mundo que lles toca vivir.

1.2. O NOSO ESTILO EDUCATIVO

Caracterízase polos seguintes elementos fundamentais:

Un clima educativo cristián:

- AMOR UNIVERSAL
- SINXELEZA E CERCANÍA
- CLIMA DE LIBERDADE
- AMBIENTE DE ALEGRÍA

Unha pedagogía centrada na persoa:

- EDUCACIÓN PERSONALIZADA
- ADECUACIÓN ÁS PERSOAS CONCRETAS

Un enfoque positivo da educación:

- PRIORIDADE DO AMOR
- MOTIVACIÓN E ESTÍMULO

1. OBXECTIVO XERAL



Nun mundo globalizado e tecnolóxico se necesitan persoas consistentes que estean conectadas co sentido das súas vidas, e dispostas a comprometerse co seu coidado e transformación desde o crecemento das relacións cos demais e cunha actitude de apertura ao mundo.

Obxectivo educativo 2023-2026

O obxectivo educativo dos próximos tres cursos se vincula a distintos aspectos deste modelo educativo.

“Fomentar na comunidade educativa ao coidado da súa vida para facela medrar en todas as súas dimensións:

Coidado persoal , que leve a un crecemento interior e do sentido da vida,

coidado das relacións cos demais que promovan o crecemento mutuo e

a **apertura ao mundo** a través do crecemento de unha ética do coidado, responsable todo o creado e a súa diversidade”.

Será un obxectivo para tres anos de xeito, o presente curso é o último dos tres xa traballados:

25-26: ABERTOS AO MUNDO



- O coidado de todo o creado, co lema **Abertos ao mundo**. Para o curso que comeza nos centraremos na apertura ao mundo e o desenvolvemento de unha ética do coidado responsable da creación e a súa diversidade.

O lema para o curso 2025-2026, **“Abertos ao mundo”**, é o seguinte paso do obxectivo. Agora toca conectar co mundo!. Tralo camiño de encontro co sentido persoal “Camiña con sentido” e de construción na relación cos outros “Contigo son”, invítasenos a mirar cara fóra, cara a contorna que nos rodea e contemplar o mundo.

2. ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS

2.1. EQUIPO DIRECTIVO

“É o órgano coordinador para a realización do Proxecto Educativo do Centro e para o asesoramento do Director/a no exercicio das súas funcións”

O equipo directivo está formado por:

Directora: Emma Quiroga Blanco.

Coordinadora xeral da Educación Primaria: María Figueroa Naveira.

Coordinadora da Acción Evanxelizadora: Vanessa García Torrado.

Coordinador da Acción Titorial e Orientación: Verónica Núñez Varela.

Coordinadora de Educación Infantil: Iria Pampín Fernández.

O equipo directivo reúne-se todos os luns de 9:05 a 11:05 horas co carácter ordinario. E extraordinariamente cando sexa necesario.

OBXECTIVOS DO EQUIPO DIRECTIVO:

- Impulsar en todo momento a autoridade profesional e social do profesorado, a súa autonomía, responsabilidade e compromiso.
- Atender ao profesorado nas demandas persoais e profesionais para que realicen o seu traballo nun entorno agradable.
- Fomentar a educación non discriminatoria, no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e a igualdade de oportunidades, respectando a diversidade e a inclusión.
- Promover a educación para a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, na igualdade de trato e non discriminación das persoas e a coeducación.
- Favorecer a convivencia escolar e propiciar un clima de diálogo e boas relacións persoais que asegure a participación e o traballo en grupo, avanzando no respecto entre todos os membros da comunidade educativa.
- Garantir un ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos.
- Desenvolver a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas.
- Asegurar a prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- Promover a sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Organizar os órganos de participación e fixar as reunións correspondentes.
- Facilitar ao profesorado toda a documentación posible para levar a cabo o seu labor.
- Elaborar as propostas da PXA e memoria final de curso.
- Establecer os criterios para colaborar coa xestión dos presupostos económicos.
- Xestionar os recursos existentes e velar polo bo funcionamento do centro.

- Establecer os calendarios de reunións dos distintos estamentos do centro.
- Axilizar as tarefas burocráticas.
- Informar aos membros da comunidade educativa da toma de decisións importantes.
- Buscar a maneira de perfeccionarse, para estar preparados a buscar novas ideas. Comprometerse coa implicación no centro de todos os membros da comunidade escolar.
- Manter e potenciar as canles para difundir a información, a normativa, as propostas curriculares e a xestión económica de xeito puntual, fiable e actualizada aos membros da comunidade escolar.
- Xestionar as necesidades de reparacións, reposicións e estado xeral dos edificios e patios, controlando a súa execución e o axuste ás normas establecidas, preservando a seguridade do alumnado sen renunciar á estética.
- Acondicionar os espazos do centro que precisan reordenación por cambios na utilización.

2.2. CONSELLO ESCOLAR

O Consello Escolar renova cada dous anos á metade dos seus membros pertencentes aos sectores de profesores, pais e alumnado, de modo que o período mínimo de permanencia é de catro anos.

O Consello Escolar está constituído por:

Presidente:

Emma Quiroga Blanco

Representantes da Entidade Titular:

Juan Carlos Pérez Cuervo

Juana Otero Torres

Irene Fernández Morala

Representantes de profesores:

Gabriel Bas Ayala

Marta Blanco De Azpiazu

Lucía Vedia Baliñas

Andrés Ferreiro Babarro

Representante de administración e servizos:

Mónica Fernández Estévez

Representante da ANPA:

María Jesús Sánchez Chouza

Representantes de pais e nais:

Ana González Neira

Raquel Seisededos Hermo
Gloria Suárez Costa

OBXECTIVOS:

- Seguir o proceso sobre a admisión do alumnado, dar seguemento ás solicitudes se fose necesario baremar, publicar as listas de admitidos e atender as reclamacións.
- Garantir as normas de convivencia do centro.
- Coñecer o RRI e revisar, se procede, a resolución dos procedementos disciplinarios impostos pola dirección do centro.
- Coñecer o proxecto do Presuposto Anual.
- Coñecer a PXA.
- Analizar, de ser o caso, o funcionamento xeral do centro.
- Coñecer a memoria final de curso.
- Coñecer as relacións do centro coas institucións do seu entorno.

O Consello Escolar réunese ao longo do ano:

Setembro: PXA e actividades complementarias e servizos.

Xaneiro: Rendición de contas do concepto “Outros Gastos” nos niveis concertados.

Abril e Maio: Admisión de alumnos.

Finais de Xuño: Memoria final do curso.

Ao longo do curso, reunirase sempre que sexa necesario, para tratar temas que poidan xurdir e que sexan da súa competencia.

Antes de cada reunión do Consello Escolar, reunirase a Comisión da convivencia para falar do seguimento do mesmo e informar ao Consello do q sexa necesario, tamén coa nova figura da coordinadora de benestar, no noso caso: María Figueroa Naveira.

COMISIÓN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

INTEGRANTES

- A directora do Centro, que presidirá: Emma Quiroga Blanco.
- A Coordinadora xeral de primaria, encargada das iniciativas de coeducación e coordinadora de benestar do centro: María Figueroa Naveira.
- Un representante da ANPA: María Jesús Sánchez Chouza.
- Un representante do persoal non docente: .
- Catro representantes dos profesores: Gabriel Bas Ayala, Marta Blanco de Azpiazu, Lucia Vedia Baliñas e Andrés Ferreiro Babaro .

OBXECTIVOS:

- Dinamizar o plan de convivencia do centro.
- Adoptar as medidas preventivas para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia.
- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes e a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa.
- Fomentar a resolución pacífica de conflitos.
- Propor ao consello escolar medidas oportunas para mellorar a convivencia.
- Canalizar as iniciativas de todos os sectores da Comunidade Escolar para mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia no centro.
- Elaborar un informe anual da análise da convivencia.
- Informar ao Consello Escolar das actuacións desenvolvidas.
- Todas aquelas que lle encomende o Consello Escolar.

2.3. CLAUSTRO DE PROFESORES:

“É o órgano propio de participación do profesorado do centro”

OBXECTIVOS DO CLAUSTRO:

- Elevar ao Equipo Directivo propostas para a elaboración da PXA.
- Aprobar os aspectos docentes da PXA e informar antes da súa presentación ao Consello Escolar.
- Aprobar a revisión das Programacións Didácticas do ciclo de Infantil e os niveis de Primaria.
- Avaliar a Programación Didáctica do ciclo de Infantil e os niveis de Primaria.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica.
- Participar na planificación proposta polo equipo directivo da formación do profesorado do Centro.
- Elixir os seus representantes no Consello Escolar.
- Analizar e valorar a evolución do rendemento escolar xeral do centro a través dos resultados das avaliacións.
- Coñecer as relacións do centro coas institucións do seu entorno.
- Analizar e valorar os resultados da avaliación que do centro realice a administración educativa ou calquera informe referente á marcha do mesmo.
- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integración e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Reflexionar sobre o proceso ensinanza aprendizaxe con actitude autocrítica.

TITORES/TITORAS			
Educación Infantil			
4º A	Nieves Sánchez De LLano	5º C	Lucía Vedia Baliñas
4º B	Alicia Ruiz Amaro	5º D	Irene Fernández Morala
4º C	Judith Fernández Arias	6º A	Iria Pampín Fernández
4º D	Vanessa García Torrado	6º B	Marta Rodríguez Lage
5º A	Sara Castilla García	6º C	Noemí Suárez Martínez
5º B	Beatriz Sánchez Rey	6º D	Cristina Bello Freire
Educación Primaria			
1º PRIMARIA		2º PRIMARIA	
1º A	Begoña Losada Sánchez	2º A	Lorena Roade Suárez
1º B	Roberto Domínguez García	2º B	Francisco Cagiao Cribeiro
1º C	Paula Castelos Canide	2º C	Isabel Núñez Fernández
1º D	Marta Blanco De Azpiazu	2º D	Yolanda Penas Sánchez
3º PRIMARIA		4º PRIMARIA	
3º A	Patricia Rodríguez Fern.	4º A	Mª Ángeles Amenedo
3º B	Elisa Alcalde García	4º B	Verónica Núñez Varela
3º C	Felipe Silva Vázquez	4º C	Alejandra Llames Olveira
3º D	Fátima Álvarez Rodríguez	4º D	Gabriel Bas Ayala
5º PRIMARIA		6º PRIMARIA	
5º A	Isabel Guillén Espejo S.	6º A	Alicia Alonso Pou
5º B	Juan Carlos Pérez Cuervo	6º B	Cristina Penas Rey
5º C	Juan Rodríguez Vilariño	6º C	Andrés Ferreiro Babarro
5º D	Paula Fernández Ricoy	6º D	Jorge Borrazás Lariño
OUTRO PERSOAL DOCENTE			
Mª Fernanda Valiñas Torrado		Jose Manuel López Montero	
Juana Otero Torres		Isabel Patiño López	
María Figueroa Naveira		Sonia López Cazorla	

Jorge Rodríguez Saavedra	Elena González López
Beatriz Mouriño Teijido	Emma Quiroga Blanco

2.4. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

O persoal de administración e servizos é o seguinte:

- **Administración:** Marcos Basadre Lagos.
- **Secretaría:** Mónica Fernández Estévez.
- **Comedor:** Antonio Fernández Soto, Ana Isabel Pérez Rodríguez e Beatriz López Tenreiro.
- **Recepción:** José Luis Muñiz González e Antonio Fernández Soto.
- **Madrugadores:** Beatriz López Tenreiro e Ana Isabel Pérez Rodríguez.
- **Servizo de permanencia de tarde:** Ana Isabel Pérez Rodríguez.

XESTIÓN ECONÓMICA: Marcos Basadre Lagos co equipo directivo.

OBXECTIVOS:

- Supervisar o presuposto anual.
- Supervisar a xestión económica do centro.
- Informar ao Consello Escolar sobre o presuposto anual
- Informar e aconsellar ao equipo directivo de cantas cuestións económicas lle sexan encomendadas por este.

2.5 PLAN DE ACCIÓN EVANXELIZADORA ANUAL

Obxectivos

O obxectivo principal do Plan de Acción Evanxelizadora e Titorial do noso centro é educar aos alumnos e alumnas en valores humanos e cristiáns, seguindo o modo propio de Cándida María de Xesús e poñendo un acento especial en convivir cos demais e sentirse irmán de todos, sabendo que a diferenza enriquece.

Este gran obxectivo xeral desenvólvese a través da Educación nun conxunto de valores alternativos para unha sociedade distinta que a comunidade educativa (pais-nais, profesores/as, alumnos/as e persoal non docente) asume.

Busca axudar aos alumnos e alumnas a ver de diferente maneira.

1. **Aprender a coñecerse:**

- Converter o silencio nun medio de encontro con un mesmo e cos demais.
- Educar na escoita, a reflexión e o diálogo.
- Educar na responsabilidade e na autonomía.
- escoitar e expresar as opinións con respecto aos demais.
- Favorecer a capacidade de tomar decisións razoadamente e con responsabilidade. Aprender a autocontrolarse.
- Valorar o esforzo de cada día e o traballo ben feito.

2. **Aprender a coñecer aos demais:**

- Educar na colaboración e o compartir.
- Traballar en equipo escoitando e respectando as opinións e capacidades dos demais. Comprometerse en proxectos comúns da clase e do Colexio.
- Prestarse axuda desinteresada entre todos (compañeiros, amigos, familia...)
- Educar na solidariedade.
- Compartir o tempo e os recursos materiais, cultivando a xenerosidade para rematar coa exclusión e a inxustiza.
- Preocuparse polas necesidades do entorno e do mundo.
- Favorecer o contacto coas distintas realidades para que medre unha conciencia social que leve a transformalas dende valores cristiáns.
- Manter unha actitude de escoita e respecto que facilite o traballo dos demais.
- Educar na non violencia, o respecto e a tolerancia.
- Practicar a non violencia activa, e rexeitar a violencia en todas as súas formas: física, sexual, psicolóxica, económica, social; en particular cara aos máis próximos.
- Aceptarse a un mesmo e a os demais sen discriminación nin prexuízos.

3. **Aprender a coñecer o mundo:**

- Educar na responsabilidade medioambiental.

- Manter unha actitude de orde e limpeza que facilite o traballo.
- Coñecer outras realidades da sociedade.
- Implicarse na súa mellora.
- Usar o necesario e evitar o consumismo.
- Contribuír á protección do medio ambiente comprometéndonos a reducir, reutilizar e reciclar.
- Valorar a importancia da enerxía e da auga, comprometéndonos a usar só o necesario. Aprender a coñecer a Deus
- Educar para o encontro persoal con Xesús.
- Converter o silencio nun medio de encontro con Xesús.
- Favorecer a reflexión coa práctica da oración.
- Educar para vivir os valores de Xesús.
- Traballar por un mundo máis xusto.
- Poñerse sempre de parte dos máis necesitados.
- Aprender a pedir perdón e perdoar.

4. **Funcións:**

O Plan de Acción Evanxelizadora ten coma funcións:

- a) Contribuír ó desenvolvemento da acción educativa do centro desde o seu carácter propio.
- b) Crear un ambiente que facilite o desenvolvemento da acción educativa dos titores e titoras e do resto do profesorado.
- c) Favorecer un entorno de desenvolvemento persoal coherente ao longo dos distintos ciclos e etapas polas que pasan os alumnos e alumnas.
- d) Asesorar á comunidade educativa para un mellor desenvolvemento do proceso educativo.

a) **Equipo de Acción Evanxelizadora**

É o grupo de persoas que animan e coordinan a acción evanxelizadora e pastoral en tódalas actividades que se realizan no centro.

Está formado por:

Membros de Acción Evanxelizadora de itinerario:

Coordinadora: Vanessa García Torrado

Vanessa, Isabel N, Noemí e Paula C.

O equipo de acción evanxelizadora reunirse semanalmente.

Cada membro do equipo representa un dos itinerarios nos que se divide a propia acción evanxelizadora do colexio: pastoral escolar, taller de oración, acción social e catequese.

2.6. **ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

A) COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

INTEGRANTES DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA

1. **PRESIDENTE:** Emma Quiroga Blanco.
2. **XEFATURA DE ESTUDOS:** María Figueroa Naveira.
3. **COORDINADORES REPRESENTANTES DE ETAPA/CICLOS:**
 - Iria Pampín Fernández
 - Isabel Núñez Fernández
 - Verónica Núñez Varela
 - Andrés Ferreiro Babarro
4. **RESPONSABLE DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:** María Figueroa Naveira.

OBXECTIVOS:

- Servir de canle de información e comunicación entre o Equipo Directivo e o profesorado.
- Establecer as directrices para a revisión das Programacións Didácticas de Ciclo e propoñelas ao Claustro para a súa aprobación.
- Elaborar a proposta de organización da orientación educativa e do Plan de Acción Titorial.
- Elaborar a proposta de criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares adecuadas aos alumnos con nee.
- Propoñer ao Claustro a planificación xeral das sesións de avaliación, de acordo coa Xefatura de Estudos.
- Propoñer ao Claustro de Profesores o plan para avaliar a Programación Didáctica dos Ciclos, os aspectos docentes do PEC e a PXA, a evolución da aprendizaxe e o proceso de ensino.
- Fomentar a avaliación de todas as actividades e proxectos do centro, colaborar coas avaliacións que se leven a cabo a iniciativa da administración educativa e impulsar plans de mellora en caso de que se estime necesario, como resultado de ditas avaliacións.
- Potenciar e apoiar a implementación de medidas de atención á diversidade.
- Fomentar a relación con alumnado doutros centros.
- Colaborar no fomento dun clima de convivencia positivo.
- Propoñer o uso de instrumentos de avaliación elaborados segundo criterios comúns.
- Decidir sobre o cambio de aula de determinado alumnado, previa consulta, proposta e acordo co equipo que imparte docencia directa con estes posibles casos.
- Programar agrupamentos de alumnado segundo os criterios fixados.

- Valorar documentación relacionada coa convivencia.
- Organizar xornadas de convivencia.

B) COORDINADORES/AS DOS CICLOS

Ciclo	Apellidos e nome
2º ciclo educación infantil	Pampín Fernández, Iria
1º ciclo educación primaria	Núñez Fernández, Isabel
2º ciclo educación primaria	Núñez Varela, Verónica
3º ciclo educación primaria	Ferreiro Babarro, Andrés

Coordinador Acción Titorial e Orientación

Núñez Varela, Verónica

Coordinadora de Actividades Complementarias

Figueroa Naveira, María

Coordinador do Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Domínguez González, Roberto

Coordinadora da Biblioteca PLAMBE

Amenedo Martínez, María de los Ángeles

Coordinadora plurilingüismo, BEDA

González López, Elena

Coordinadora de Benestar (anexo Plan de Benestar)**

Figueroa Naveira, María

C) EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN DOS PROCESOS NO CENTRO

Os seguintes equipos reuniranse unha vez ao mes co obxecto de dinamizar a súa área tendo en conta os obxectivos e as tarefas que se plantexan ao comezo do ano.

PASTORAL ESCOLAR

Membros

- **Noemi**, Jorge R. e Marta R.

ACCIÓN SOCIAL

Membros

- **Isa N.**, Cris B. e Irene.

CATEQUESE

Membros

- Primeiro ano: **Paula C.** e Beti; segundo: Lucía V., Alejandra e Fernanda.

COMUNICACIÓN E IPADS

Membros

- Jorge B. e Fátima.

ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN

Membros

Verónica, Juana, Begoña, Nieves, Sara e Yolanda.

DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Membros

- **Roberto, Jose Manuel e Alicia R.**

COLEXIO PLURILINGÜE

Membros

- **Elena, Andrés, Lorena, Isa P. e Marta B.**

STEAM/POLOS CREATIVOS

Membros

- **Juan, Gabi, Judith e Bea S.**

CODOCENCIA

Membros

- **Paula F., Juan Carlos, Isabel G., Alicia A., Cris P.**

BIBLIOTECA/ PLAMBE

Membros

- **Nines, Elisa e Sonia.**

ACTIVIDAD FÍSICA Y DEPORTE

Membros	<ul style="list-style-type: none"> • Chisco, Felipe e Patricia.
----------------	--

EQUIPO ACAE	
Membros	María F., Juana e Verónica.

COMISIÓN AVALIACIÓN DO DIAGNÓSTICO 4ºEP	
Membros	Emma, María F. e Verónica.

2.7. ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS

“As nais e pais debemos e podemos ter un papel máis importante no proceso educativo dos nosos fillos. Formamos parte da Comunidade Educativa e habemos de colaborar cos demais sectores que a forman para acadar obxectivos comúns sen renunciar, como pais, a defender as nosas opcións e estar presentes na toma de decisións. Participar é un exercicio de responsabilidade que temos como nais e pais.”

• MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA:

Presidencia: Lucía Pedreira Pedreira.
 Vicepresidente: María Jesús Sánchez Chouza.
 Secretaria: María Fernández Serrano.
 Subsecretario: Marcos Grandío Veiga.
 Tesorera: Patricia Coence Antelo.
 Contadora: Ana González Neira.

• CONTACTO:

Calquera pai ou nai asociado pode enviar os seus datos de contacto para colaborar como voluntario nas actividades da asociación ben sexa de forma periódica ou puntual. Tamén poden enviar as súas suxestións, dúbidas, reclamacións, etc as seguintes direccións: apajesuitinas@hotmail.com/ apajesuitinas@gmail.com

Para máis información: www.apajesuitinascoruna.com e na páxina de Facebook ANPA Jesuitinas Coruña.

● **OBXECTIVOS E ACTIVIDADES PREVISTAS PARA ACADALOS:**

- Asistir aos pais e nais en todo aquilo que concirne á educación dos seus fillos e nas súas relacións co centro.

A ANPA centra os seus esforzos en mediar entre todas as familias asociadas e o colexio, facendo chegar á dirección deste cantas observacións sexan de interese e intentando acadar a mellor solución ás distintas situacións que se formulen.

- Facilitar a representación e participación dos pais e nais de alumnos no Consello Escolar e na Comisión da Convivencia.

A través do seu representante no Consello Escolar e na Comisión da Convivencia, a ANPA amosará os intereses de todos os pais no principal órgano de goberno do colexio elaborando informes, comunicando formalmente aqueles aspectos da marcha do centro que considera oportuno e recibindo información dos temas tratados.

A Comisión da convivencia pretende entender e colaborar no posible referido as trabas de convivencia que poidan xurdir entre os distintos grupos que forman a comunidade educativa.

- Interésase polo bo funcionamento dos servizos prestados polo centro.

Dentro da ANPA existe un grupo de traballo adicado a tratar de comunicar calquera incidencia relacionada cos servizos que presta o centro: transporte, comedor, actividades extraescolares, servizo de madrugadores e atención e coidado.

- Organizar cursos, conferencias, coloquios e seminarios de orientación, estudo e formación de todo tipo para os asociados.

Escola de Pais. Onde se tratan distintos temas de interese para os pais como os conflitos de autoridade, os hábitos de alimentación, o uso das novas tecnoloxías, problemas de conduta, técnicas de estudo, hixiene, medos, etc. Ao longo do curso pretendemos sacar adiante unha serie de talleres relacionados cos temas de maior relevancia para as idades do alumnado.

Actividades extraescolares de carácter deportivo. Hípica, pádel, natación, navegación... para os nenos e as familias. Actividades de carácter puntual e contido diferente ás ofertadas pola escola para facer en familia os sábados ou domingos.

- Promover a realización de actividades carácter artístico e cultural:

Concurso de debuxo de Postais do Nadal. Convocarase no mes de novembro para todos os cursos de Infantil e Primaria. Os gañadores de cada curso reciben un premio que se

entrega ante todos os pais no festival de Nadal. De entre todos os traballos presentados selecciónase a postal que ilustrará a felicitación do Nadal do colexio, postal conxunta con Maristas. O resto de traballos non premiados optarán ao premio do concurso provincial organizado pola FAPA.

Concurso literario. Organízase con motivo da celebración do Día do Libro. Participan os alumnos de segundo e terceiro ciclo de primaria e calquera pai ou nai da escola.

Os premios entréganse aos gañadores nas festas colexiais que se celebran no mes de maio. Publicarase unha escolma dos traballos presentados a concurso a través da páxina web da ANPA e cada traballo irá acompañado dunha pequena ficha do autor.

Obras de teatro o actuacións en galego para fomentar a lingua galega no ámbito do centro e dentro do horario escolar.

- Organizar actividades encamiñadas a implicar aos avós e aos pais cos rapaces.

- Organizar actividades que poidan redundar no desenvolvemento da convivencia entre os seus membros e o resto da comunidade educativa.

Excursións se a situación o permitira. Son saídas dun día para os máis cativos e de dous días para segundo e terceiro ciclo de primaria. Con estas actividades pretendese fomentar a convivencia entre os nenos e as nenas ao mesmo tempo que os achegamos á natureza do noso ámbito. A

Saídas en Familia. Trataremos de amañar saídas de ocio, deportivas ou culturais ao longo do curso para desfrutar pais e nais cos seus fillos en compañía doutras familias.

Xuntanza familiar na escola xunto co resto da comunidade educativa para festexar as tradicións propias da nosa cultura galega.

Festa da Familia. A ANPA organiza este día de convivencia entre todos os membros da comunidade educativa para celebralo ao final do curso escolar.

- Promover a acción solidaria entre as familias.

Mercadillo solidario de uniformes. A ANPA recolle prendas do uniforme escolar usadas para poñelas á venda nun mercadillo que permita a outras familias mercar esas pezas de roupa a un prezo simbólico. O diñeiro obtido destinarase a colaborar con organizacións sen ánimo de lucro.

Excursións na fin de semana en diferentes idades.

Nadal. Visita de SS.MM. os Reis Magos de Oriente. Como cada ano, esperamos que os Reis Magos atendan o noso convite e pasen polo colexio antes das vacacións do Nadal para recoller as cartas dos máis cativos e deixar regalos para todos en forma de función navideña e lambonadas.

Día do mestre. A ANPA agradece, en nome de todos os pais, a labor e dedicación dos profesores.

Liderar a comunicación, colaboración e a implicación do maior número de familias posible na comunidade educativa.

Páxina web e Facebook. Informan da programación e realización das actividades que a ANPA desenvolve ou nas que participa. Informan sobre novas e actividades relevantes para as familias asociadas e en xeral para a comunidade escolar. Funcionan como canle de comunicación entre a ANPA e os seus asociados, recolléndose neles as opinións das familias. A páxina web conserva o histórico das actividades feitas pola ANPA e rexistradas dende o inicio.

Correo electrónico. Para recoller calquera suxestión, dúbida ou reclamación.

Nas reunións de comezo do curso escolar, dan a coñecer as actividades previstas pola asociación para fomentar a participación das familias na vida escolar dos seus fillos.

2.8. PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

“Os alumnos son os principais protagonistas da súa propia aprendizaxe. Interven en activamente, de acordo coa súa idade, asumindo responsabilidades proporcionadas a súa capacidade de resposta”.

Participan activamente nas actividades organizadas no colexio.

En cada clase de Primaria hai un delegado/a e un subdelegado/a, que representan aos seus compañeiros/as, promovendo, canalizando e coordinando as iniciativas do curso.

Todos os Mestres fomentan a autonomía, compromiso e creatividade dos seus alumnos nas actividades da aula e así mesmo usan o traballo cooperativo en prol do desenvolvemento da autonomía e xestión na resolución de problemas.

Protagonismo dos alumnos de 6º de primaria, implicándoos na elaboración e posta en marcha de diferentes actividades, sobre todo sendo membros comprometidos na acción social do centro.

3. LIÑA DIDÁCTICA

“Axudar e axudarnos a crecer como persoas, desenvolvendo todas as nosas capacidades e aportando o mellor de cada un de nós. Alumnos autónomos, creativos e comprometidos.”

3.1. HORARIOS E DÍAS NON LECTIVOS

✓ Clases:

- Setembro e xuño:
 - Mañá 8:45 a 14:05 horas.
- De outubro a maio:
 - Mañá 8:45 a 12:35 horas.

- Tarde 14:35 a 16:05 horas.

O centro permanecerá pechado do 25 de xullo ao 25 de agosto do 2026, ambos os dous incluídos.

Actividades complementarias: dentro do horario escolar, fanse atendendo ao proxecto educativo para así complementalo e enriquecer a aprendizaxe facendo ao neno e nena protagonista da mesma.

✓ **Días non lectivos:**

Nadal: Do 20 de decembro de 2025 ata o 7 de Xaneiro de 2026, ambos incluídos.

Entroido: 3, 4 e 5 de marzo de 2026.

Semana Santa: Do 14 ao 21 de abril, ambos incluídos.

Día do Ensino: 31 de outubro de 2025.

Non lectivo: 3 de novembro

Considéranse non lectivos a efectos académicos, ademais de todos aqueles festivos que figuran no Calendario Oficial Laboral de Galicia, os dous días elixidos 20 de marzo e 4 de maio de libre disposición do centro por coincidir en días non lectivos os dous festivos locais martes de Entroido e San Xoán).

HORARIO XORNADAS DE ADAPTACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL

ADAPTACIÓN EN 4º EDUCACIÓN INFANTIL

Ás familias do alumnado de 4º de educación infantil ofrécéselle a posibilidade de acudir ao centro cos seus fillos o día anterior ao comezo oficial das clases (8 de setembro) para coñecer a aula, a titora e un pequeno grupo de compañeiros en horario e quenda consensuado coa mestra que manterá comunicación con eles na reunión inicial de familias ou a través de enderezo electrónico. antes do 5 de setembro.

Ao comezo do curso escolar ofrecemos, para os alumnos de 4º de educación infantil, un horario reducido durante os dous primeiros días lectivos para favorecer ao alumnado unha incorporación progresiva ao centro na medida do posible, de carácter voluntario para as familias.

3.2. ALUMNADO.

A distribución dos alumnos ao comezar a escolaridade faise atendendo á data de nacemento e á proporción de nenos e de nenas por clase, de tal xeito que a distribución sexa equilibrada nas catro aulas.

Cada dous anos na primaria, vólvese a facer unha nova distribución do alumnado, procurando que ao rematar a escolaridade tódolos alumnos do mesmo nivel se relacionen entre si.

Preténdese acadar os seguintes obxectivos:

- Que os alumnos se abran a outros grupos de nenos.
- Iniciar o sentido grupal establecendo novas dinámicas e relacións.
- Evitar grupos pechados e que se repitan roles negativos.
- Procurar clases heteroxéneas en tódolos sentidos.

3.3. INFORMES DE AVALIACIÓN

Todos os alumnos recibirán os informes de avaliación trimestrais; os pais e nais poderán telo a través da plataforma interna de comunicación Educamos SM.

En **Educación Infantil** igualmente, entregaranse tres informes ás familias, un por cada trimestre, e o informe final.

En **Educación Primaria** entregaranse tamén tres informes, un por cada avaliación, e un cuarto informe final.

3.4. EQUIPOS DOCENTES

A. POR CICLO

Reúnense todos os martes de 16:15 a 18:15 horas e unha hora de equipos de traballo á semana, por ciclo ou niveis según conveña, para revisar e actualizar as programacións, proxectos, inclusión das metodoloxías activas, así como coordinar as actividades complementarias do curso, para revisar o Plan de Acción Titorial, o Plan Anual de Acción Evanxelizadora, coordinar outras actividades, realizar actividades de avaliación, saídas do centro, celebracións especiais ou conmemoracións, etc.

B. DE TITORES

Reúnense para unificar criterios e programar as actividades de tutoría cos alumnos e pais. As reunións coas familias serán mínimo dous ao curso, priorizando o seu carácter presencial. E daranse máis reunións se o caso o require. O cauce de información de áreas onde o titor non é o profesor da área, sempre se solicitará a través do titor.

C. EQUIPOS DE TRABALLO

Todos os mestres pertencen a diferentes equipos traballo que dinamizan a función docente (detallados anteriormente). A súa finalidade é dinamizar, unir, innovar, apoiar... a dimensión

educativa nos diferentes eidos. Reúñense, con carácter xeral, unha hora á semana, horario non lectivo do profesorado:

- 1.- PASTORAL ESCOLAR.
- 2.- CATEQUESE.
- 3.- ACCIÓN SOCIAL.
- 4.- DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA.
- 5.- ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN.
- 6.- CO DOCENCIA.
- 7.- BIBLIOTECA. PLAMBE. RADIO. PLEI.
- 8.- STEAM/POLOS CREATIVOS.
- 9.- COMUNICACIÓN E IPADS.
- 10.- COLEXIO PLURILINGÜE
- 11.- ACTIVIDADES FÍSICAS E DO DEPORTE

1. ACCIÓN EVANXELIZADORA:

Os obxectivos xerais da acción evanxelizadora no colexio centrarase en:

- Promover e desenvolver a acción evanxelizadora segundo a liña educativa-pedagóxica do centro, nas súas diferentes dimensións para garantir o desenvolvemento da enteira persoa.
- Medrar en identidade e pertenza desde a propia persoa, como exemplo en coherencia co Carácter Propio.
- Ofrecer itinerarios e expresións de fe propias dunha opción persoal cristiá, que madura en comunidade e se compromete na transformación do mundo: pastoral escolar, catequese, acción social e taller de oración.

C.2. ACCIÓN EVANXELIZADORA: PASTORAL ESCOLAR

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Impulsar a procura do sentido da vida e despertar e desenvolver o sentido de trascendencia.
- Potenciar o diálogo Fe-Cultura e a síntese Fe –Vida.
- Ofrecer itinerarios e expresións de fe propias dunha opción persoal cristiá, que madura en comunidade e se compromete na transformación do mundo.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

- 1- Decoración hall do colexio cos tempos litúrxicos.

- 2- Facer un listado de cancións para a súa incorporación ás aulas nos “Bos días” e na megafonía xeral do colexio primeira hora da mañá.
- 3- Planificación dos “Bos días” no Genially.
- 4- Revisión e asignación megafonías do colexio.
- 5- Preparación dos tempos litúrxicos: advento e coaresma.
- 6- Crear materias máis atractivos visualmente axudándonos das TICS para facer dos Bos días un momento de valor engadido do noso colexio.
- 7- Elaboración memoria do equipo.

C. 3. ACCIÓN EVANXELIZADORA: CATEQUESE.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

Os obxectivos específicos do equipo do Obradoiro de Oración son:

- Dimensión comunitaria da nosa fe.

O traballo que o equipo levará a cabo ao longo do curso a preparación voluntaria da Primeira Comunión para os alumnos que cursan segundo e terceiro de primaria.

C.4. ACCIÓN EVANXELIZADORA: ACCIÓN SOCIAL

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

O Equipo de Acción Social ten como obxectivo principal a sensibilización da Comunidade Educativa para o desenvolvemento persoal e social da mesma. Deste xeito, promóvense diferentes iniciativas de carácter solidario que achegan ao alumnado a diferentes realidades, tanto de lonxe como mais preto.

Presentarase propostas tales como recollidas de alimentos, participación e colaboración con diferentes entidades benéficas ou organización de diferentes celebracións no colexio respectando as recomendacións sanitarias. Farase unha adaptación á nova realidade sen deixar de lado o noso horizonte e tendo en conta a necesidade, agora máis que nunca, de empatizar e axudar aos outros., moi atentos ao nosa contorna próxima, nas necesidades actuais que poidan xurdir.

Son obxectivos específicos deste curso:

- Introducir a labor do Equipo de Acción Social.
- Continuar en contacto con asociacións e organizacións para seguir

detectando realidades e necesidades e dalas a coñecer á comunidade educativa.

- Realizar actividades de conciencia social de cara a toda a comunidade educativa, para sensibilizar e animar á participación.
- Realizar actividades e accións de campo co obxectivo de coñecer e axudar nas distintas realidades do entorno.

4.- DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA GALEGA (EDLG)

OBXECTIVOS:

1. Dinamizar o uso da lingua galega valorando e coñecendo a nosa cultura no ámbito da comunidade educativa.
2. Implicación activa dos membros da comunidade educativa para o fomento da lingua e cultura galega.
3. Potenciar o fomento da oralidade e a lectura en lingua galega en actividades plurianuais, coa participación de todo o alumnado do centro.
4. Realización de actividades en colaboración con outras institucións, entidades e asociacións externas ao centro, nas que se anima ao uso da expresión oral en lingua galega, en situacións non académicas, e fóra da escola.
5. Emprego das novas tecnoloxías, para transmitir dun xeito máis motivador e creativo a nosa cultura galega.

ACTIVIDADES PROPOSTAS EN RELACIÓN AOS OBXECTIVOS:

Lema do equipo: "Isto non pinta nada mal". Realización de 4 carteis co lema para todos os ciclos.

1.- Dinamizar o uso da lingua galega valorando e coñecendo a nosa cultura no ámbito da comunidade educativa.

- **Presentación do lema do EDL** que estará ben visible en todo o colexio.
- **Celebración do Magosto** como festa tradicional do outono. Realizaremos actividades adaptadas a cada curso para fomentar o coñecemento desta tradición popular, refráns, cantigas, froitos típicos, receitas e costumes dos pobos nestas datas. Realizaremos diferentes obradoiros por cursos.

- **Celebración do Samaín.** Concurso voluntario de cabazas online coa colaboración das familias.
- **Celebración do Nadal** potenciando o uso do galego nas actuacións de Nadal.
- **Celebración do Día de Rosalía**, o 24 de febreiro, cun genially e colaboración co comedor entregando manteis co poema “ Caldo da Gloria “ e comendo caldo galego. Realizarase tamén un padlet.
- **Celebración das Letras Galegas** con concursos literarios e artísticos relacionados coa cultura galega e a autora homenaxeado este curso.

Decoraranse os corredores de todos os cursos e o colexio en xeral con traballos realizados polo alumnado.

Realización dun acto lúdico-festivo no patio central para todo o alumnado e profesorado do centro.

Realización dalgunha actividade cultural subvencionada pola ANPA.

- **Fomentar o coñecemento** do noso patrimonio cunha actividade lúdico deportiva á beira da **Torre de Hércules** e no **Castro de Elviña** para 5º e 6º de primaria.

2.- Implicación activa dos membros da comunidade educativa para o fomento da lingua e cultura galega.

- Elaboración de **Carautas e disfraces para o Entroido** coa colaboración dos pais e nais en educación infantil e 1º e 2º curso de educación primaria. Nos demais cursos realízanse nas aulas en colaboración entre os mestres de plástica e os titores. Celebración dun desfile de comparsas por clase no patio do colexio.
- Celebración dunha festa tradicional galega, neste caso realizando **un maio** coa implicación de toda a comunidade educativa.

3.- Potenciar o fomento da oralidade e a lectura en lingua galega en actividades plurianuais coa participación de todo o alumnado do centro.

- **Animación á lectura** a través da incorporación de libros actuais á biblioteca do centro e nos distintos cursos. Elaboración de contos en soporte dixital con música e voz para facelos máis atractivos e motivadores aos rapaces e fomentar a lectura

grupala na nosa lingua. Os nenos de infantil visualizarán os contos nos taboleiros dixitais.

- Realizaremos contacontos na biblioteca en colaboración coas persoas responsables da biblioteca do centro.
- **Colaboraremos co equipo de acción evanxelizadora** dinamizando as interiorizacións e outras actividades.
- Participación no **Premio Frei Martín Sarmiento** en colaboración con outros colexios na valoración de obras literarias elixidas pola organización e axeitadas a cada nivel educativo.
- Realización dunha **charla-coloquio cos autores** dalgúns libros.

4.- Realización de actividades en colaboración con outras institucións, entidades e asociacións externas ao centro na que se anima ao uso da expresión oral en lingua galega en situacións non académicas, e fóra da escola.

- Colaboración co Concello de A Coruña, xunto con outros colexios, participando no **“Proxecto Semente.”** Consiste na adquisición de competencias emprendedoras a través da creación e xestión dunha cooperativa escolar de fabricación de produtos, que posteriormente venderán nun mercado facilitado polo concello. O programa reproduce situacións reais no proceso de constitución dunha empresa.
- Colaboración co Concello de A Coruña, asistindo aos concertos programados no Pazo da Ópera sempre que a situación sanitaria o permita.
- **Colaboración con Maristas** para realizar unha actividade realizada polo alumnado de 3º ESO e o de 2º EP.
- **Participación no concurso “Tíralle da lingua”** organizado pola AS-PG.
- **Participación no concurso “Ipanema das letras”** organizado por Escolas Católicas.
- **Participación no premio “Mil primaveras”**, organizado por CTNL.
- **Participación no premio Irmán Reboiras** organizado por Escolas Católicas.

- Participación en “O vello dos contos” no premio internacional de podcast Xosé Mosquera Pérez.

5.- Emprego das novas tecnoloxías para transmitir dun xeito máis motivador e creativo a nosa cultura galega.

- Achegar os nenos ás **Novas Tecnoloxías**, a través de distintos recursos como: tableiros dixitais, ipads, ordenadores, audiovisuais,... Na actualidade o alumnado de cuarto, quinto e sexto de primaria traballan con libros de texto dixitais na área de lingua galega e noutras impartidas en galego.
- Contos dixitais con voz e música galega para os nenos de Ed. Infantil.
- Utilización de diferentes aplicacións no uso dos ipad en 4º,5º e 6º EP.
- Emprego de genially, padlet, powerpoints para fomentar o gusto polo galego.
- Realización de presentacións orais en diferentes formatos.

5.- EQUIPO DE ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.

- Establecer unha rutinas e hábitos axeitados en canto a orden e ruído, que favorezca o bo clima de traballo e aprendizaxe.
- Reforzar a colaboración docente.
- Compartir espazo e área de aprendizaxe para cooperar.
- Fomentar a inclusión educativa.
- Avanzar na aprendizaxe educativa e nas metodoloxías activas.

ACTUACIÓNS, FUNCIONS E TAREFAS PROPIAS.

<p>Profesorado</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Recoller información sobre as necesidades do alumnado e medidas adoptadas, dada polo titor/a, o DO e a XE, tanto nas xuntas de avaliación como ao longo do curso. -Ter en conta a información recollida e poñer en marcha e avaliar estas medidas. -Proporcionar información ao titor/a sobre as observacións realizadas sobre as MAD adoptadas. -Propoñer e consensuar co equipo docente e co DO as medidas ou propostas que se consideren necesarias para o alumnado. -Colaborar co titor/a na elaboración dos informes de avaliacións iniciais, así como finais (cando proceda). -Estar informado e responsabilizarse do acordado no PXAD. -Custodiar o material necesario para as MAD e proporcionado polo DO.
<p>Profesorado-titor/a</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Informar a familia das necesidades do alumno/a e das medidas adoptadas. -Informar ao equipo docente das necesidades do alumnado e acordar as MAD para desenvolver ao longo do curso. -Revisar informes facilitados polo DO e colaborar co departamento na recompilación de información sobre o alumnado.

<p>Profesorado PT/AL</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Colaborar na construción e revisión dos criterios de organización das MAD así como asumir e responsabilizarse do acordado no PXAD. -Facer o informe trimestral do alumnado con MAD para a familia e o titor/a. -Participar nas sesións de avaliación trimestrais. -Participar na avaliación inicial do alumnado con necesidades educativas especiais. -Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptación curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, no seu caso, e de aquelas outras dirixidas á atención á diversidade do alumnado. -Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira. -Participar en reunións coas familias e os titores, nos casos que proceda. -Asinar e cubrir os informes que as familias e os servizos externos demanden.
<p>Coordinación de Acción Tutorial e Orientación</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Convocar e presidir as reunións ordinarias do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando o acta correspondente. -Mediar entre o equipo directivo e o DO, trasladando as propostas, acordos e toma de decisións que se establezan. -Coordinarse coa xefatura do departamento de orientación. -Velar polo cumprimento do PXAD e PAT.

<p>Xefatura do Departamento de Orientación</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Dirixir e coordinar as actividades e actuación propias do departamento e facilitar a colaboración entre os seus membros. -Responsabilizarse da redacción do plan anual do departamento e velar polo seu cumprimento; así como da elaboración e redacción da memoria final do curso. -Velar pola confidencialidade dos documentos. -Coordinar a organización de espazos e instalación para a orientación, así como a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación. -Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do centro, así como o informe psicopedagóxico. -Asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme o procedemento e criterios establecidos no proxecto curricular do centro. -Coordinar as accións dos profesores de apoio na atención do alumnado con necesidades educativas especiais. -Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación das actuacións conxuntas que permitan a coherencia das respostas educativas. -Aquelas outras funcións que a Administración educativa poida asignarlle referidas á orientación. -Informar o profesorado e velar para que no Xade se reflicta a información relativa ás MAD. -Tramitar as solicitudes de intervención para o EOE, cando proceda. Así como a intervención coa UACO de selo caso.
---	---

ACTIVIDADES ANUAIS.

- Revisión, ao inicio de curso, do Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- Revisión, ao inicio de curso, do Plan de Acción Titorial.
- Elaboración, ao final de curso, da Memoria do equipo.

- Distribución dos grupos de apoio e reforzos educativos do alumnado. Información ás familias. Ubicación de espazos e aulas de traballo.
- Deseño do rexistro de accións anuais para o alumnado con NEAE.
- Seguemento dos alumnos que son atendidos polo Departamento de Orientación: contacto co titor, toma de decisións e acordos, cumprimento do proposto en cada caso.
- Revisión da avaliación inicial no ciclo de Infantil e nos niveis impares de Primaria. Detección das dificultades.
- Aplicación do sociograma na etapa de Primaria. Interpretación dos datos recollidos e propostas de mellora para favorecer a integración.
- Avaliación da consecución dos obxectivos propostos nos RE ou nas ACS para cada alumno e envío da información ás familias.
- Programación de actividades de sensibilización co gallo do día da discapacidade.
- Planificación das actividades e elaboración da relación de usuarios da Aula de Desenvolvemento Persoal.

6.- CO DOCENCIA

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Establecer unha rutinas e hábitos axeitados en canto a orden e ruído, que favorezca o bo clima de traballo e aprendizaxe.
- Reforzar a colaboración docente.
- Compartir espazo e área de aprendizaxe para cooperar.
- Fomentar a inclusión educativa.
- Avanzar na aprendizaxe educativa e nas metodoloxías activas.

7.- BIBLIOTECA. RADIO. PLAMBE. PLEI.

O equipo da biblioteca vela polo fomento da lectura dentro do colexio.

A biblioteca do centro intégrase nunha aula chamada aula i+ adicada a desenvolver sobre todo o traballo colaborativo dos cursos de educación primaria.

Utilízase no centro un sistema de préstamo dos libros existentes mediante códigos, con un programa específico.

Así mesmo tamén existe un horario para que os profesores de área nos seus proxectos de comprensión por intelixencias múltiples desenvolvan as actividades que crean convinte neste espazo de aula I+.

Obxectivos

- Promover o gusto pola lectura.
- Favorecer o bo funcionamento da biblioteca e os seus recunchos
- Continuar cos requisitos exixidos no PLAMBE.
- Fomentar o uso da radio no colexio.

Ofreceráse actividades de animación á lectura tendo en contra a época do ano (Samaín, Nadal, Entroido, Paz...), celebrarase a semana do libro con diferentes iniciativas. Iniciarase aos nenos no uso da radio, os maiores xa formados para o seu uso, motivarase para que sexan eles os que axuden aos pequenos. Levarase a cabo as megafonías poñendo en uso as habilidades aprendidas.

Incluiranse as novidades que vaian xurdindo no mundo editorial atendendo ás súas idades e gustos variados. Presentarase nas redes sociais as actividades para dar a coñecer todo o traballo que se fai desde o equipo e mostraremos tamén o que fan os alumnos.

Levarase a cabo a documentación de todas as experiencias para poder aportalas á memoria do Plambe, tanto neste programa, como no de "radio na biblio" seremos parte activa para sacar o maior proveito, ofrecendo aos nenos posibilidades de lectura e experiencias diversas enriquecedoras coas que desenrolar e mellorar as súas capacidades. Darase seguemento ao noso proxecto para a BIBLIOTECA INCLUSIVA, co rincón maker lego e o rincón específico de libro sobre as emocións.

8.- EQUIPO STEAM/POLOS CREATIVOS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Promover a información dixital para proxectar o nosa proposta educativa cara ao exterior.
- Seguemento do Plan dixital do colexio e proxecto Polos Creativos da Xunta.

9.- EQUIPO COMUNICACIÓN E IPADS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Promover a actualización das redes sociais.
- Dar seguemento ao proxecto aula i+ co dispositivo individual desde 4º EP.

10.- BEDA/ERASMUS+

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Coa finalidade principal de fortalecer o noso colexio plurilingüe, Beda Excelent e Beda Kids, e os proxectos con visión de futuro na nosa participación en Erasmus+ coa nosa larga traxectoria nos mesmos, este equipo terá como obxectivos específicos:
- Dar continuidade ao Proxecto Erasmus+.
- Manter a certificación Beda Excelent e Beda Kids.
- Promover e desenvolver unha alta competencia en lingua inglesa, facendo o seguemento dos proxectos competenciais en 1º, 2º, 3º e 5ºEP.
- Contar cos Auxiliares de conversa de 2º a 6ºEP.
- Propoñer un teatro en inglés para todo o colexio: Face to face.

4. LIÑA EDUCATIVA.

4.1. ACCIÓN TITORIAL.

Damos especial importancia á:

- relación titor-alumno,
- relación co grupo clase,
- relación coas familias e
- á coordinación co resto dos mestres que inciden no aula.

● COS ALUMNOS

Recollemos a información que nos transmite o titor/a do curso anterior para poder coñecer mellor aos nenos, e partir da súa realidade concreta, acompañándoos no seu proceso de crecemento e maduración.

Ao longo do curso procuramos ter intres de encontro con cada neno aproveitando distintas circunstancias, nun diálogo sinxelo e espontáneo.

Procúrase unha atención individualizada ao alumno, axudándolle a medrar, potenciando a súa autoestima e aprendizaxe.

Realizamos o seguimento de cada un, recollendo e aportando información nas sesións de avaliación.

● CO GRUPO DE CLASE

Trabállase en titoría un plan de formación en valores seguindo o Proxecto de titoría.

Outras actividades formativas:

- Actividades de acollida e oración.
- Técnicas de estudo.

- Autoestima e imaxe persoal.
- Dificultades de aprendizaxe.
- Relación grupo clase.
- Avaliación.

● **COS PAIS E NAIS DOS ALUMNOS**

Sempre se comeza o curso cunha reunión ao comezo do curso escolar, onde se presenta o Obxectivo Xeral do centro e os obxectivos e liñas concretas a seguir ao longo do curso. É un bo momento de contacto coas familias para informarlas e comentar xuntos aspectos máis concretos.

Entrevistas persoais cando os pais o solicitan, como mínimo dúas con cada familia, para acadar información e informar aos pais sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos seus fillos e doutros aspectos de interese no crecemento persoal do neno. Como medios complementarios ás entrevistas persoais, utilízanse a comunicación tamén a través dunha aplicación telemática.

Cos pais de 6º Ed. Primaria faise unha celebración co motivo de despedida desta etapa educativa e compártese unha merenda.

● **COS MESTRES QUE INCIDEN NO GRUPO CLASE**

O titor recibe as diferentes informacións dos mestres, coordina as accións que temos que realizar e preside as reunións de avaliación. Está tamén en contacto co equipo de apoio e cos mestres de reforzo.

● **CO EQUIPO DE ACCIÓN TITORIAL E ORIENTACIÓN**

Téñense reunións periódicas para ver o funcionamento do grupo-clase e dar pautas nos casos de alumnos que presenten calquera tipo de dificultade.

● **FORMACIÓN DE TODO O EQUIPO DOCENTE NA ACCIÓN TITORIAL**

A través de revistas e artigos especializados. Este curso traballarase en grupo de titores para revisar e facer un novo Plan de Acción Titorial.

4.2. XORNADAS FORMATIVAS

FESTA DO OUTONO. MAGOSTO E O SAMAÍN (1ª semana de novembro se a situación o permite).

Obxectivos:

- Familiarizar ao neno coa natureza nesta estación.
- Desenvolver a capacidade de observación do mundo que o rodea.
- Aproveitar e valorar a riqueza cultural e festiva da súa rexión.

Actividades:

- Recollida e exposición de froitos do outono, estudio dos mesmos.
- Debuxos e manualidades.
- Colección de follas.
- Megafonía de ambientación e celebración dun magosto.

SEMANA DOS DEREITOS DO NENO. ANIVERSARIO DA DECLARACIÓN DOS DEREITOS DO NENO (novembro).

Obxectivos:

- Coñecer os Dereitos do Neno.
- Caer na conta da situación de inxustiza na que viven a maioría dos nenos do mundo.
- Crear actitudes de agradecemento ante a súa situación de privilexio en comparación con outros nenos, na súa casa, na cidade, na sociedade na que viven...
- Crear actitudes solidarias e de compaixón cos que non gozan dos mesmos privilexios.

Actividades:

- Traballo en titorías, durante toda a semana, para coñecer e crear actitudes coherentes relacionadas co tema os “Dereitos do Neno”.
- Facer memoria desde tódalas áreas da Declaración dos Dereitos do neno.
- Ter xestos de solidariedade para cos nenos ós que se lles priva dos seus dereitos.

SEMANA DO MESTRE (27 de novembro)

Obxectivo:

- Que os alumnos aprendan a valorar a figura do mestre e de tantas persoas que coa súa adicación contribúen ó progreso da humanidade.

Actividades:

- Actividade de homenaxe aos mestres.
- Coñecemento da vida de San Xosé de Calasanz.
- Megafonía de ambientación.

CELEBRACIÓN DO DÍA DA PAZ E A NON VIOLENCIA (30 de xaneiro).

O 28 de xaneiro, en recordo da morte de Gandhi, celebramos a Xornada da Paz.

A UNESCO declarou os 10 primeiros anos do milenio como Década para unha cultura de Paz e de Non-Violencia para os Nenos do mundo.

Actividades:

- Traballar na titoría o tema da paz.
- Facer manifestos, polas clases, para unha cultura de paz.

- Gran xesto pola paz, no patio do colexio, de toda a Comunidade Educativa.

SEMANA DA PRENSA (5-9 de marzo).

Obxectivos:

- Que o neno descubra o pracer da lectura.
- Achegar o xornal á aula.
- Poñer en contacto ao alumno coa realidade do mundo que o rodea.

Actividades:

- Traballar cos distintos xornais e revistas, dende as distintas áreas: picado, recortado, murais, debates, estudio sobre un tema, comentario de novas...
- Confeccionar un pequeno xornal na aula.

SEMANA DO LIBRO (21-25 de abril)

Obxectivo:

- Animar á lectura.

Actividades:

- Decoración do colexio na Semana do Libro.
- Circular lecturas recomendadas en castelán, galego e inglés.
- Megafonía día do libro.

DÍA DE EUROPA (9 de maio).

Tratarase cos alumnos a importancia que ten a unión das nacións europeas para conseguir a paz e calidade de vida.

SEMANA DAS LETRAS GALEGAS (12-16 de maio)

Obxectivos:

- Fomentar nos nenos o coñecemento, respecto, cariño e valoración pola riqueza cultural legada polos nosos antergos.
- Potenciar as celebracións festivas propias da rexión

Actividades: Programadas polo Equipo de Dinamización Lingüística Galega (EDLG)

MEDIO AMBIENTE (5 de xuño)

Obxectivos:

- Coñecer e valorar o entorno.
- Respectar e coidar a natureza.

Actividades:

- Día da árbore unido co Día do Medio Ambiente.

4.3 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS (Detalle no anexo)

AS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS realízanse dentro da xornada escolar e complemento o currículo nos diferentes niveis, organizadas directamente polo colexio.

Como actividades complementarias contamos con as propostas por diferentes entidades que enriquecen o noso proxecto educativo:

- Actividades promovidas polo Concello.
- Actividades propostas polo profesorado.
- Actividades propostas por outros estamentos.

CHARLAS E CONFERENCIAS FORMATIVAS

- Temas relevantes sobre os nosos proxectos de comprensión ou de ineterese para o grupo según a idade.
- Campañas de solidaridade.
- Colaboracións de país, nais, avós....

VISITAS CULTURAI. Cada curso realiza unha ou dúas ao trimestre, procurando adaptalas á idade dos alumnos e ao Proxecto Educativo. A maioría, reflectidas aos centros culturais da cidade, peto do colexio.

REPRESENTACIÓNS TEATRAIS: procúrase que os alumnos asistan ao longo do curso escolar a dramatizacións/contacontos, cada unha delas en diferente lingua: castelán, galego e inglés.

PARTICIPACIÓN EN CONCURSOS, TORNEOS OU CERTÁMENES. Os alumnos participan en concursos educativos. Selecciónanse os que aportan maior creatividade, experiencias ou outros aspectos que enriquecen a tarefa ordinaria da aula, por exemplo sobre axedrez, oratoria ou matemáticas.

4.4. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

COMEDOR

O servizo de media pensión é efectuado pola empresa JARDANAY e funciona durante todo o curso escolar, inclúe a atención e vixilancia no comedor, recreo e sesta para os máis cativos.

MADRUGADORES E PERMANENCIA DE TARDE

Existe un servizo chamado madrugadores, é a partir das 7:30 horas, para dar resposta á necesidade que presentan as familias na conciliación da vida familiar e laboral.

Pola tarde, existe un servizo chamado permanencia de tarde, pódese deixar aos nenos de 16:15 a 17:15 horas de outubro a maio, co fin de conciliar a vida familiar e laboral dos pais e nais do centro; e de 15:00 a 16:00 horas en setembro e xuño.

TRANSPORTE

Dado o asentamento do colexio na Zapateira, o servizo de transporte é moi importante no centro. Encárgase a empresa TRAVIDI que conta con sete autocares que realizan as catro viaxes correspondentes ás xornadas de mañá e tarde.

BIBLIOTECA

O centro dispón de biblioteca ao servizo de mestres e alumnos. Fanse visitas programadas das clases de educación infantil e primeiro nivel de primaria, cos seus titores á biblioteca, como un obxectivo prioritario dentro do fomento da lectura nas diferentes linguas recollido no plan lector.

Realizaranse actividades de animación á lectura, promovidas polo equipo dinamizador da Biblioteca, tamén dende o de dinamización lingüística ou calquera que quera empregar este espazo co fin de aproveitar todo o bo que ofrece. A biblioteca está inmersa no proxecto PLAMBE e radio, tamén no proxecto de innovación Aula i+.

4.5. RELACIÓN FAMILIA-COLEXIO

Cremos no dereito e deber preferente dos pais e nais na educación dos seus fillos, e cremos tamén na función subsidiaria do colexio, polo que damos gran importancia á sintonía e colaboración entre a familia e o colexio. Colaboración que supón unha confianza e positiva comunicación entre ambas as dúas partes.

A relación entre as familias e o colexio ten presenza a través destas REUNIÓN S ordinarias:

- **REUNIÓN S INICIAIS DE PAIS CO E.DIRECTIVO E CO/A TITOR/A** para presentar o Plan Educativo do curso, este ano:
De 1º e 2º de Primaria: 4 de setembro
De Educación Infantil: 5 de setembro
De 3º a 6º de Primaria: 9 de setembro
- **CIRCULARES INFORMATIVAS DIVERSAS.** A través delas infórmase aos pais, de todos os asuntos relacionados co funcionamento do centro. Estas poden ser na súa maioría dixitais, fomentando a reciclaxe e valores ecolóxicos, usando a plataforma interna Educamos SM.

- **BOLETÍN DE INFORMACIÓN.** Nas datas sinaladas no calendario, enviarase un boletín informativo detallado da marcha do alumno ao longo dese período de tempo. Tamén aparecerán reflexados os datos na plataforma, para poder acceder á mesma información dun xeito sinxelo dixitalizado.
- **ENTREVISTAS PERSOAIS CO TITOR/A OU CUN DOS MESTRES ESPECIALISTAS.** Co obxecto de atender mellor o seguimento persoal de cada alumno/a, e como norma xeral do centro, as visitas débense concertar con anterioridade, a través do alumno por medio da axenda, nos cursos superiores, ou nunha nota escrita nos máis pequenos, nun mínimo de dúas veces ao ano. O/A titor/a terá rexistro dos datos recabados das áreas e do reforzo educativo se asistise a el o alumno.
- **PLATAFORMA DIXITAL: SM Educamos** é a forma de comunicación telemática coas familias que temos no centro para facilitar o contacto diario. Nel rexístranse as faltas de asistencia diaria, os boletíns informativos trimestrais, as circulares, os avisos ás familias, ou calquera información que créase propia de emitir ou rexistrar por esta canle con Educamos SM.
- **PÁXINA WEB, FACEBOOK, INSTAGRAM E TWITTER.** Mediante estas canles mantense informada toda a comunidade educativa, facendo rede con outros xa sexan da comunidade educativa propia, da nosa congregación ou doutras.
- **CORREO DIRECCIÓN, ADMINISTRACIÓN E SECRETARÍA.** Inténtase facilitar canles cercanas e de fácil acceso a todos os órganos de administración do centro, xorde tamén coa idea de solucionar posibles dúbidas.
- **PARTICIPACIÓN DOS PAIS E NAIS.**
 - Dende o equipo de Acción Evanxelizadora propónse ás familias a súa implicación nun proxecto de FASFI, que ao longo de todo o ano se especifica en actividades variadas coa participación de país, nais, e mestres: exemplo: a carreira ENKI, torneo solidario do Club Xesuitinas ou Pequeolimpiada.
 - Son convidados as celebracións do centro: inauguración do curso, día da paz e a non violencia, e celebración festas colexiais.
 - No día de defuntos, as familias son convidadas con toda a comunidade educativa a participar nunha eucaristía na capela do centro.
 - Co motivo da celebración do Nadal, as familias son convidadas a desfrutar dun espectáculo de bailes e panxoliñas preparadas por clases en todos os niveis do colexio dende infantil ata sexto de primaria.

- As familias participan con gran implicación na Campaña de Solidariedade propia do mes de decembro.
- Co motivo de cerrar unha etapa moi significativa na vida dos nosos alumnos, faise no centro unha despedida do alumnado de 6º de primaria, co motivo de peche desta etapa educativa.

4.6. OUTRAS ACTIVIDADES

- **Ciencia na Rúa:** dirixida aos alumnos de sexto de primaria. Nesta actividade desenvólvese conceptos e procedementos relacionados coa ciencia e traballados desde o área naturais.
- **Actividades de carácter solidario:** Promovidas polo colexio dende o equipo de acción social pertencente a acción evanxelizadora do colexio, coa intención de axudar nas obras que a congregación e a FASFI ten noutros lugares necesitados e concienciar a nenos e familias da necesidade de ser solidarios cos demais e fomentar a concienciación social e do medio ambiente:
 - Carreira ENKI coa Fundación María José Jove, coa súa versión on line desde a casa.
 - Campaña de Nadal co Club de Leones e Padre Rubinos.
 - Torneo deportivo solidario co Club Xesuitinas no mes de xuño se as circunstancias o permiten.
 - Festa Pequeolimpiada en familia.

5. LIÑA CONVIVENCIAL

5.1. PLANO DE CONVIVENCIA

No informe Delors: "A educación do século XXI" aparecen os catro alicerces da educación: Aprender a coñecer, aprender a facer, aprender a convivir e aprender a ser.

Son os fundamentos da persoa, as capacidades que fan posible que sexa unha persoa íntegra e madura. No propio documento exprésase que o aprender a convivir é un dos retos máis importantes para a humanidade.

Tamén é un dos desafíos dos sistemas educativos actuais. Á vez que é unha das finalidades educativas que se pretende no Colexio "Hijas de Jesús", Fundación Educativa Jesuitinas, xa que segundo o seu propio Ideario, o obxectivo da súa acción educativa é a educación integral da persoa, en todas as súas dimensións, favorecendo a interiorización de valores como: a liberdade, a xustiza, a responsabilidade e a procura de alternativas para crear unha sociedade máis pacífica.

O Colexio é un espazo onde compartir vivencias, é un lugar privilexiado para aprender a convivir. A convivencia no noso colexio definiríamola así:

- Clima de respecto entre todos os integrantes da Comunidade Educativa.
- A aceptación da diversidade como enriquecemento.
- fomento da tolerancia, da cultura da paz, do diálogo e da resolución pacífica dos conflitos.
- cumprimento das normas e o coidado do nosa contorna.
- Un ambiente de serenidade que favoreza a reflexión.

No noso Plan de Acción Titorial aparecen unha serie de valores que son asumidos por toda a comunidade educativa. Aquí aparecen reflectidos aqueles que están máis directamente relacionados co tema da convivencia:

- Educar na responsabilidade.
- Educar na paz e o diálogo.
- Educar na tolerancia e no respecto.
- Educar na solidariedade e a xustiza.
- Educar na liberdade.
- Educar na igualdade.

Para conseguir a interiorización destes valores, no colexio actuamos segundo os seguintes criterios pedagóxicos:

- Unha educación personalizada.
- Participación activa do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.
- Atención á diversidade.
- Prioridade do amor.
- Procura dos métodos máis creativos.
- Impulso da comunicación.
- Espertando a motivación e o estímulo.

Como Comunidade Educativa, comprometémonos a vivir e a educar nos valores e actitudes que fagan posible unha convivencia na que cada un poida sacar o mellor de si mesmo e a diferenza non sexa motivo de ameaza, senón de enriquecemento mutuo.

OBXECTIVO XERAL

Fomentar unhas relacións de respecto e tolerancia entre todos os membros da Comunidade Educativa, asumindo a diversidade como enriquecemento e favorecendo sempre a resolución pacífica dos conflitos.

Con respecto ao alumnado:

- Detectar precozmente as dificultades de convivencia.
- Favorecer o traballo cooperativo.
- Educar na resolución pacífica dos conflitos: reflexión, diálogo e capacidade de negociar solucións.
- Traballar habilidades sociais como a asertividade e a empatía.
- Impulsar o cumprimento das normas do colexio.
- Control da puntualidade e o absentismo.

Con respecto ao persoal:

- Formarnos sobre a resolución de conflitos.
- Acordar actuacións comúns.
- Consensuar as normas do colexio.
- Manter unhas relacións cordiais.

Con respecto ás familias:

- Manterlles informados e favorecer a participación das familias no colexio.
- Impulsar unha relación cordial e de colaboración.
- Dar a coñecer as normas do colexio.

5.2. NORMAS XERAIS DE CONVIVENCIA

A normativa do colexio debe ser entendida dende a finalidade propia do Centro: promover a formación integral dos alumnos segundo o estilo de educación das Hijas de Jesús coa Fundación Educativa Jesuitinas. É importante a creación dun clima adecuado no que se poida harmonizar a liberdade, o respecto mutuo e as condicións razoables para o desenvolvemento do proceso educativo.

A. RESPECTO E COLABORACIÓN

O colexio pide aos seus alumnos unha actitude de confianza e diálogo dentro do respecto que pide cada situación. De maneira especial espérase:

- Cordialidade no trato e axuda mutua.
- Actitude de diálogo e apertura.
- Vocabulario correcto e educado.
- Respecto en canto pertence aos demais, poñendo especial coidado na utilización e conservación das cousas que o Colexio ten a disposición de todos.

- Cumprir as normas dadas de funcionamento e organización.
- Repoñer calquera obxecto que por negligencia ou mal uso se houbera deteriorado.

A todos corresponde colaborar cunha actitude propia para crear e manter na clase un clima de silencio, de atención e de traballo. A isto contribúe saber escoitar, pedir a palabra, non interromper, levar cada un á clase o material didáctico necesario, as tarefas encomendadas, etc. Este ano con principal importancia das medidas de sanidade e distancia social. Os pais e nais que traian aos seus fillos en coche particular deberán deixar libre o aparcadoiro o antes posible.

B. ASISTENCIA E PUNTUALIDADE

A xornada escolar comeza ás 8:45 h. para todos os curso co momento dos “Bos Días”. Todos os alumnos/as deben estar presentes na clase ao iniciarse este acto. A falta de puntualidade dificulta o bo funcionamento da clase e o cumprimento do ideario do centro. O control de asistencia e puntualidade corresponde aos titores. Os pais deben xustificar con antelación, a ser posible, toda falta de asistencia. Ou, de ser o caso, a posteriori a través da plataforma interna Educamos SM.

Os nenos/as que non realizan ningunha actividade fóra do horario lectivo non poden quedar no centro á saída pola tarde se non están acompañados ou non teñen unha causa xustificada. Tampouco poden estar no centro sos antes do horario escolar de mañá e tarde. Os alumnos que non utilizan o servizo de comedor deben respectar o horario de entrada do colexio, chegando ao mesmo antes das 14:35 horas, de outubro a maio, para o bo funcionamento.

C. ENTREGA DE BOLETÍN INFORMATIVO TRIMESTRAL

As notas reflectivas no boletín informativo son vehículo de información entre as familias e os mestres sobre a marcha académica dos alumnos. Nelas figuran os aspectos fundamentais do proceso educativo: calificacións, actitudes, comportamento e asistencia. Ordinariamente dito boletín aparece na plataforma interna de comunicación coas familias.

D. EDUCACIÓN FÍSICA

Ningún alumno está exento da clase de Ed. Física, salvo por prescrición médica. O uniforme do colexio, para Educación Física, é obrigatorio nas actividades deportivas do colexio, tanto en Infantil como en Primaria. En Educación Infantil traen chándal todos os días xa que así é o uniforme.

Así mesmo, todos os alumnos de primaria verán de casa co chándal posto o día que teñen clase de Educación Física.

E. TRANSPORTE ESCOLAR

Os alumnos que utilizan este servizo deben portarse correctamente e cumprir as normas establecidas polo colexio e a empresa de transporte, e obedecer sempre as indicacións dos axudantes e aos condutores que coidan da súa seguridade.

Calquera cambio nos costumes habituais dos nenos de Infantil e primeiro e segundo de primaria, debe comunicarse por escrito, tanto á mestra como á acompañante do transporte, para evitar posibles problemas.

Calquera problema que aconteza neste servizo debe comunicarse por escrito á dirección do colexio para buscar a solución máis axeitada.

F. ORDE E LIMPEZA

Por respecto aos demais e en atención á boa convivencia, os alumnos deben asistir ao colexio adecuadamente aseados e vestidos, co uniforme do colexio. Así mesmo, terán un comportamento adecuado tamén no que se refire á limpeza dos espazos comúns.

5.3. CELEBRACIONS COLEXIAIS

INMACULADA.

O 8 de decembro celebramos esta festa tan propia do Colexio.

Obxectivo:

Potenciar nos alumnos o coñecemento e agarimo á Virxe, como figura principal do tempo de Advento e coñecer algo máis da historia do colexio e de outros colexios de Jesuitinas.

Actividades:

Concurso de poesías, debuxos, escenificacións, cancións... Proxección dalgún vídeo... Participación do ambiente festivo deste día.

NADAL.

Celebrarémolo os últimos días antes de rematar o trimestre.

Obxectivo: Transmitir aos nenos o verdadeiro sentido do Nadal.

Actividades:

Ambientación e decoración do colexio.

Participación na Campaña de Nadal.

Representacións de Nadal por ciclo e niveis coa asistencia das familias dos alumnos.
Visita dos Reis Magos, organizada pola ANPA.

ENTROIDO.

Obxectivo: Coñecer festas do seu entorno e aproveitar esta circunstancia para desenvolver a súa creatividade, cooperación e traballo en grupo e o sentido positivo da festa.

Actividades:

Farase actividades de achegamento ao nosa cultura galega do Entroido.

FESTAS COLEXIAIS.

Obxectivo:

Rematar o curso dunha forma festiva, onde a convivencia sexa o máis significativo é o mesmo tempo unírnos á festa colexial de todo os centros da Fundación Educativa Jesuitinas.

Actividades:

Carteis anunciadores das festas. Celebración relixiosa de todos os alumnos. Xogos e actividades deportivas, bailes, se a situación para o 31 de maio é a axeitada para facer celebración.

5.4. OUTROS MOMENTOS DE CONVIVENCIA FESTIVA

- Convivencia do personal do centro: celebración da Inmaculada, Nadal, Pascua e fin de curso.
 - Convivencia das dúas comunidades educativas de Maristas e Jesuitinas: convivencia principio de curso, invitación no aniversario dos fundadores.
- * 2 de abril: Día do Rosarillo, celebrámolo todos os colexios da Fundación Educativa Jesuitinas.

6. LIÑA EVANXELIZADORA

6.1. PLAN DE ACCIÓN EVAXELIZADORA

OBXECTIVOS:

- Animar e coordinar a acción evanxelizadora e pastoral do centro, en torno ó obxectivo anual.
- Consensuar liñas de acción concretas e actividades.

- Ser punto de referencia na comunidade educativa para profundar en temas de actualidade desde a óptica cristiá.
- Responsabilizarse dos grupos de fe.

MOMENTOS DE INTERVENCIÓN:

- Bo día.
- Xornadas de acollida.
- Tempos litúrxicos.
- Acción titorial grupal.
- Campañas e xornadas.
- Eucaristías e celebracións.
- Xuntanzas e formación de profesores.

6.2. SCOUTS

O Grupo Scout Semente 597, membro de ASDE – Scouts de Galicia e polo tanto da Federación de Asociaciones de Scouts de España (ASDE), é un Grupo infantil e xuvenil, orientado por adultos voluntarios comprometidos no servizo educativo, que ofrece os medios e ocasións necesarios a fin de contribuír á educación integral das persoas, potenciando principalmente o seu sentido da responsabilidade, liberdade e servizo, segunda o Método Scout iniciado por Baden Powell e un sistema de educación progresiva.

Fundado en 1976, o Grupo forma parte dos Colexios Hijas de Jesús e Maristas de A Coruña e centra a súa labor na educación dos nenos comprendidos entre os 6 e os 21 anos.

O Grupo está constituído por Secciones Scouts que agrupan a nenos/as mozos de idades similares; un Kraal, verdadeira comunidade de educadores scouts e un Comité de Pais, onde teñen representación e colaboran os pais e nais dos scouts.

Teñen reunión semanais no noso centro ou fóra dependendo da actividade proposta, os sábados polo mañá.

7.FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO E PAS

1. Formación Institucional para profesorado e persoal non docente.
2. Formación Institucional para directivos.
3. Experiencia de Exercicios Espirituais.

4. Cursos de formación no propio centro durante o curso: Dixitalización, Comunicación, Inclusión, Avaliación e atención a diversidade.
5. Xornadas de Pastoral Educativa en Santiago.
6. Curso experto universitario en Pastoral educativa.
7. Curso en liderazgo educativo.
8. Cursos de atención á diversidade.
9. Outros cursos organizados polo Centro de Formación de Profesores e con Escolas Católicas Galicia.

8. PLANS E PROXECTOS (Anexos)

8.1. PLAN LECTOR

OBXECTIVOS E FUNDAMENTACIÓN

Como referente principal respecto da lectura, a escritura, as habilidades informativas e as bibliotecas escolares na nosa comunidade autónoma, para a Educación Primaria temos:

Concretamente, no TÍTULO III, artigo 18 fai referencia ás bibliotecas escolares e á lectura nos seguintes termos:

- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que integren as actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

2. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na programación xeral anual.

3. Así mesmo, os centros docentes contarán cunha biblioteca escolar, instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura da información e da aprendizaxe e punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo ademais de estimular os intercambios culturais no centro.

4. Correspóndelle á dirección do centro a aprobación do programa de promoción da lectura logo da proposta realizada polo claustro de profesorado.

Como desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro elabórase un Plan Anual de Lectura no que se plasman todas as actuacións que o equipo de biblioteca, os titores de Educación Infantil e Primaria, os especialistas e os integrantes dos distintos equipos pretenden realizar ao longo do curso para conseguir os obxectivos propostos en dito proxecto.

Os mencionados obxectivos son os seguintes:

- Fomentar estratexias para mellorar a comprensión lectora do alumnado.
- Estimular os hábitos de lectura e escritura.
- Elaborar e poñer en práctica distintas actividades educativas.
- Integrar as TIC nos procesos de lectura, escritura e procura de información.
- Buscar estratexias para acadar unha maior e máis efectiva colaboración coas familias e o entorno no ámbito da lectura e escritura.
- Dotar á biblioteca de novos recursos que ofrecerlle aos alumnos; croma
- Solicitar a radio para incorporala á biblioteca
- Introducir a robótica cun pequeno recuncho no espazo da biblioteca.
- Dedicarlle un lugar á intelixencia emocional na biblioteca co mobiliario e libros axeitados.
- Integrar a biblioteca como centro de recursos ao servizo da comunidade escolar.

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA

EDUCACIÓN INFANTIL

Bits de lectura

Todos os días pasaranse os bits de lectura 3 veces dentro do programa de estimulación temperá“

Bits enciclopédicos

Pasaranse 3 veces ao día como actividade dentro do programa de estimulación temperá.

Lecturas por parte do titor/a

Os titores/as lerán aos nenos os clásicos, sendo o tempo para isto diario e utilizando os idiomas galego e castelán alternativamente de modo que os nenos e nenas sintan as dúas linguas como iguais a nivel de comprensión e pouco a pouco vaian reproducindo en ambas.

Visita á biblioteca do centro

Unha vez á semana e nun horario establecido, acudirá cada clase co seu titor á biblioteca, collerán un libro, terán un tempo de lectura individual e realizaranse actividades de animación organizadas ben polos propios mestres, pola biblioteca, polo equipo de dinamización da lingua galega ou por outros membros da comunidade educativa, según o tema e o tempo.

Os alumnos e alumnas levarán cada semana un libro para casa para leer coa súa familia e devolverano na seguinte visita.

Os mestres poderán coller na biblioteca libros de temas que lles interesen para contar ou utilizar como ferramenta de apoio e consulta na clase.

A biblioteca ofrecerá actividades para nenos e familias en diferentes momentos como motivación para ler.

Biblioteca de aula

Cada clase contará con libros variados adaptados á súa idade e intereses. Os nenos e nenas poderán traer das súas casas volumes de temas que se estean tratando, permanecerán no aula por tempo limitado.

PRIMARIA

Momento lector

Desde 1º a 6º todo o alumnado terá un tempo asignado á lectura nos tres idiomas o comezo das sesión lectivas nas áreas das materias lingüísticas.

Visita á biblioteca

Unha vez ó mes visitarán a biblioteca para ler individualmente, coller un libro ou realizar actividades de animación á lectura organizada por algún dos equipos do colexio.

A biblioteca convértese nun lugar multifacético onde poder achegar aos nenos ás diferentes linguaxes (libros, conversas, dixital...) Para iso os responsables da biblioteca en coordinación cos mestres ofertarán actividades interesantes e enriquecedoras.

Levarán un libro a casa en préstamo e poderán devolvelo á semana seguinte.

Biblioteca de aula

En cada clase haberá libros, revistas que os nenos e nenas poderán coller en momentos que o profesor estime oportunos (lectura libre, momento lector...)

Traerán da súa casa lecturas para compartir cos seus compañeiros, quedarán no aula por tempo limitado.

O mestre poderá acudir a biblioteca a buscar volumes de temas que lle interese tratar cos seus alumnos.

LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN COA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.

ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- A principio de curso constituirase o equipo de biblioteca: constará dun responsable da biblioteca cun equipo de apoio.
- O responsable da biblioteca asumirá a súa xestión, será completado polo equipo e apoiado por todos os demais profesores co obxectivo de que a biblioteca funcione durante toda a xornada lectiva.
- O equipo realizará reunións periódicas coordinándose coa xefatura de estudos e con que precise para levar a cabo ás actividades programadas.
- O equipo será o encargado de elaborar o plan anual, programar as actividades, promoverlas e velar para que se cumpran os obxectivos propostos, finalmente elaborarán unha memoria e avaliarán o resultado propoñendo melloras para o curso seguinte.
- Seguiremos coas liñas de actuación previstas para a xestión de fondos prestando especial atención a:
- A adquisición e renovación de fondos, buscaremos o equilibrio da colección entre fondos documentais e literatura de ficción atendendo a demanda de profesorado e alumnado e ao desenvolvemento do currículo, tendo presente o papel da biblioteca como compensadora de desigualdades sociais.
- Os alumnos de infantil terán un carné de usuario, en primaria será voluntario, os titores animarán ao alumnado a que se faga socio e independentemente de isto seguirán visitando a biblioteca para realizar as actividades programadas nela.
- Traballaremos no forrado e catalogación dos exemplares novos implicando ao máximo número de persoas, tanto nenos como profesores.

DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA

- O equipo de biblioteca promoverá o intercambio de información entre os diferentes equipos do centro para favorecer a difusión e realización das diferentes actividades e proxectos desenvolvidos ao longo do curso co fin de optimizar tempo, traballo e recursos.
- Prestaremos especial apoio aos proxectos do centro que teñan que ver co currículo, proporcionando apoio material, de recursos ou espazos así como a adquisición de fondos.
- A páxina web e o Facebook do colexio difundirán as experiencias que se leven a cabo no centro así como os traballos directamente desenvolvidos desde a biblioteca e as colaboración puntuais de alumnos e profesores.
- Farase publicidade das novidades.
- Fomentarse a participación en actividades que teñan especial relación coa formación de usuarios.

- Favoreceremos o traballo colaborativo no espazo da biblioteca.
- Achegaremos aos pais e nais a este espazo propoñéndolles actividades que revirtan en toda a comunidade educativa.
- Poñeremos ao servizo da comunidade diferentes materiais que ofrezan experiencias enriquecedoras.

FORMACIÓN DE USUARIOS

Todos os nenos e nenas pasarán pola biblioteca no mes de outubro, alí se lles darán as indicacións pertinentes para un bo uso do espazo e do material e se lles animará a participar durante todo o ano nas actividades que se vaian propoñendo.

Explicarase aos profesores o material co que conta a biblioteca e as súas posibilidades para que poidan ser eles os que acudan ao lugar a traballar cos alumnos.

- **Infantil:** Procurarase asignar que un mestre da etapa sexa o enlace co equipo de biblioteca co fin de establecer canles de comunicación.
 - **Primaria:** a formación de usuarios irá ligada ao uso da biblioteca e comprenderá normas de utilización, tipos, clasificación e colocación de fondos documentais e todos aqueles aspectos demandados polos propios alumnos e docentes.
- Os profesores coñecerán todo o material de que se dispón neste espazo.

FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

O equipo da biblioteca encargarse de:

- Colaborar cos diferentes equipos na elaboración de actividades relacionadas coas conmemoracións marcadas no calendario escolar.
- Participar cos diferentes equipos na organización de actividades aportando os recursos necesarios e centralizando a información.
- Complementar e apoiar tanto con recursos, orzamento ou espazos a aqueles cursos nos que se leven a cabo proxectos documentais.
- Promover que os mesmos usuarios da biblioteca escolar sexan dinamizadores activos, escoitando as súas propostas e suxestións, cedéndolles protagonismo para que organicen sesións de animación, clubs de lectura, apadriñamentos lectores...
- Promover a existencia de distintos obradoiros: escritura creativa, encadernación...
- Continuar coa revisión de Proxecto Lector do centro.
- Promover sesións de cine na biblioteca.
- Favorecer a participación das familias en actividades dentro do horario escolar.

- Promover o traballo colaborativo no espazo da biblioteca.
- Apoiar os traballos por proxectos que se leven a cabo nos distintos cursos.
- Traballar coordinadamente cos distintos equipos e cursos para ofrecer actividades axeitadas as idades e ao que se está a traballar nas aulas.

SECCIÓNS

Os alumnos terán divididos os títulos por idades: Infantil, 1º e 2º, 3º e 4º, 5º e 6º. Así mesmo poderán atopar zonas onde se poderán coller libros de distintos temas: Inglés, natureza, novidades, consulta, actualidade (estación do ano, festas...), robótica...

Un lugar destacado na nosa biblioteca, “o recanto das emocións”, lugar onde os mestres poderán traballar as distintas emocións apoiándose na lectura. Os nenos terán a oportunidade de levar libros deste contido para as súas casas.

Tamén se poderán coller libros para ler no aula ou recomendar ás familias.

En Educación Primaria e Infantil cada clase contará coa súa propia biblioteca de aula, poderá ser actualizada frecuentemente con fondos descatalogados da biblioteca do centro.

RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES PARA O MOMENTO LECTOR

Antes da lectura:

- Activación dos coñecementos previos.
- Observación, descrición, comprensión.
- Conversación sobre as imaxes, portada...
- Conversación sobre o libro.
- Formulación de hipóteses sobre o contido.
- Identificación de propósitos e focalización da atención sobre a lectura.

Durante a lectura:

- Comprensión do que se está lendo ou escoitando.
- Realización de novas predicións sobre a lectura.
- Revisión das ideas principais de cada capítulo.
- Relacionar a nova información cos coñecementos previos.

Despois da lectura:

- Resumir as ideas principais de toda a historia e chegar á mensaxe que nos quere transmitir o texto.
- Analizar os obxectivos e predicións adecuados.
- Comprensión literal:
 - Datos do texto.

- Recoñecemento de personaxes.
- Relacionar o lugar cos sucesos acontecidos.
- Ordenar temporalmente os sucesos.
- Comprensión estrutural:
 - Diferenciar diálogo de narración.
 - Diferenciar idea principal de secundarias.
- Comprensión interpretativa:
 - Deducir información que non aparece no texto.
 - Comprensión crítica:
- Poñerse no lugar do autor/a e intentar ver as intencións coas que escribiu o libro.
- Dramatización de textos.
- Elaboración de videos a partir de textos utilizando apps.
- Manifestacións artísticas a partir de textos lidos.
- Debates.
- Contacontos a outros cursos.

ITINERARIOS LECTORES

En Primaria dentro dos momentos lectores teranse as seguintes lecturas obrigatorias.

	CASTELLANO	GALEGO	ENGLISH
1ºE P	El loco cuento de todos los cuentos El sastrecillo valiente	A bruxiña da sorte Bruxa e familia	
2ºE P	El hada de la pimienta El super zorro	Nube de Neve O que nunca che contaron	
3ºE P	El extraño caso del castillo Billinghamurst Las inauditas apariciones de la isla de Noland	O fillo do Pintamonas O home que sabía voar Icía e o diplodoco caguiñas	

	Los espectrales sucesos de la mansión Farrell		
4ºE P	<p>¡Que vienen los fantasmas!</p> <p>¡Que viene el diluvio!</p> <p>¡Que vienen los marcianos!</p>	<p>Casas</p> <p>Unha vida de ra</p> <p>Era unha vez na quimbamba</p>	
5ºE P	<p>El doctor Néctor y el misterio en el Museo Romano</p> <p>La caja de los tesoros</p>	<p>A rapaza da fiestra</p> <p>O derradeiro conto das mil e unha noites</p>	<p>L. Frank Baum - Classic Tales</p> <p>Edgar Allan Poe - Classic Tales</p>
6ºE P	<p>Los seres sin sombra</p> <p>El hilo de Clara</p>	<p>Zoonetos</p> <p>A ánfora exipcia</p>	<p>Mark Twain</p> <p>Joseph Jacobs</p>

*Ademais, o alumnado poderá desfrutar da lectura individual de diversas obras da biblioteca de aula, do centro ou do que cada quen traia da súa casa.

AVALIACIÓN

Criterios de avaliación:

- Aumento do hábito da lectura.
- Aumento no uso dos fondos da biblioteca.
- Mellora da competencia comunicativa.
- Grao de satisfacción dos profesores coas actividades que lles ofrece a biblioteca.
- Grao de satisfacción dos alumnos co servizo de préstamo.
- Grao de satisfacción dos alumnos coas actividades que lle ofrece a biblioteca.

Instrumentos de avaliación:

- Instrumentos propios de cada materia para a avaliación da competencia lectora.
- Participación nas actividades de animación á lectura e grao de consecución das mesmas.
- Rexistro de préstamos de fondos da biblioteca.

-Enquisas.

As conclusións da avaliación final, así como as propostas de mellora, incluíranse ao finalizar cada curso escolar na memoria anual do centro, servindo como referente para a revisión das actuacións ao inicio do curso seguinte.

8.2. PROXECTO DIXITAL

- Atender as tarefas asignadas no plan dixital do centro.
- Actualizar o plan dixital na súa posta en marcha.
- Fortalecer a competencia dixital docente.

PROXECTO AULA I+

INTRODUCCIÓN

As novas tecnoloxías son unha ferramenta que nos rodea na sociedade actual, polo que, no Colexio Hijas de Jesús, cremos necesario estimular aos alumnos a coñecer esta nova oportunidade para seguir abrindo camiños á creatividade e investigación, incorporando ao proceso de ensino-aprendizaxe as posibilidades que nos ofrecen.

O proxecto AULA I+ supón un continuo e progresivo proceso de incorporación das mesmas en todas as facetas da vida académica do centro: docencia diaria, acción tutorial, xestión administrativa, etc. A aplicación das tecnoloxías da información e da comunicación ao traballo do aula convértese nunha peza crave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan na vida dos alumnos, fai que deban estar presentes no noso colexio, de modo que aqueles adquiran os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nas contornas de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Estas tecnoloxías van aumentando progresivamente a súa importancia nos modos de acceder ao coñecemento, no intercambio da información e na metodoloxía dos procesos de ensino e aprendizaxe e utilizaranse desde os primeiros cursos como un instrumento con finalidades diversas: comunicativas, informativas, lúdicas e instrutivas.

O uso das novas tecnoloxías produce unha renovación educativa importante que afecta a todos os elementos do currículo: obxectivos, contidos, metodoloxía, rol de alumno-profesor, avaliación, organización, etc. Esta aplicación leva implícita unha profunda reflexión desde formulacións didácticas e pedagóxicos. A utilización desta ferramenta no ensino comporta a obtención da máxima rendibilidade de cantos recursos persoais teña, ou poida alcanzar o centro, e a súa eficacia dependerá dunha aplicación planificada e selectiva do devandito recurso.

Usamos as tabletas individuais en 4º, 5º e 6º de primaria e varias de uso común e puntual de 1º a 3ºEP para ir educando ao seu nivel a competencia dixital.

Cada ano propoñemos aos pais de 3º curso de primaria no mes de marzo a substitución dos libros de texto por contido dixital, a tableta sería a ferramenta individual cara a 4ºEP. As familias que o desexan adhírense ao proxecto aula i+ comprando eles mesmos a tableta a través da facilidade proposta por unha empresa ou comprandoa eles e masterizándola coa empresa proposta coas indicaciones do noso colexio.

Os alumnos que non traballan con este dispositivo seguen a empregar os libros de texto. Este ano temos o 99% de alumnado na opción co proxecto aula i+ dende 4º a 6º de primaria. Con isto pretendemos:

- Achegar ao alumno ao emprego cotiá da tecnoloxía na educación.
- Facer ao alumno o protagonista do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

OBXECTIVOS XERAIS

- Potenciar o emprego da tecnoloxía como ferramenta de traballo no proceso educativo.
- Fomentar o uso dos medios informáticos como medio de apoio e reforzo.
- Favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas habituais.
- Potenciar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa, así coma de transmisión dá súa mensaxe evanxélica.
- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo con TIC.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores humanos e cristiáns, sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Conseguir que o alumno acceda ao mundo de Internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.
- Lograr a integración das tecnoloxías da información e a comunicación como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos vos axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.

Para os alumnos:

- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de aprendizaxe.
- Utilizar as Tics como medio de investigación para ampliar coñecementos e elaborar pequenos proxectos a nivel individual e/ou colectivo.
- Potenciar a capacidade de razoamento, a súa motivación e ou seu afán de coñecemento.

- Utilizar programas e contornas que faciliten a súa aprendizaxe das distintas áreas de contido.
- Buscar información en Internet.
- Darlles pautas para acceder á información precisa.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Potenciar a comunicación con outros compañeiros doutros centros e outros países.
- Mostrar interese polo emprego das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo, utilizando a linguaxe de forma correcta.
- Coñecer e pór en práctica as normas básicas de funcionamento da ferramenta: acceso, apagado, manexo do teclado, do rato...
- Utilizala como medio de creación, de integración, de cooperación, de potenciación de valores sociais e de expresión das ideas.

Para o profesorado:

- Utilizar TIC como medio de perfeccionar a actividade docente a través da súa utilización.
- Empregar as novas tecnoloxías para o traballo cotián e as actividades de aula.
- Formación continuada en TIC do profesorado do programa.
- Facilitar ou acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo, e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Saber consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dúas obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas en diversas redes de colaboración como Internet e con outros centros da Fundación Educativa Jesuitinas, e participar en xornadas, boas prácticas, cursos...
- Proporcionar ó alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Colaborar no mantemento actualizado da páxina web do centro, así como no seu enriquecemento.

Comunidade educativa:

- Manter informado das novidades educativas e normativas.
- Lograr a integración en TIC como un medio dinámico de comunicación entre o centro e os pais.
- Potenciar a comunicación coa contorna.
- Intensificar a utilización de TIC.

8.3. MARCO ESTRATÉGICO

1.- Máis humanos que nunca: un modelo educativo centrado na enteira persoa.

Un novo modelo educativo orientado ao desenvolvemento da enteira persoa, que se concreta na súa definición como autónoma, comprometida e creativa. Un modelo educativo que pone no centro ao alumno xerando un clima de relacións que posibilite o seu crecemento e búsqueda do seu propósito no mundo.

2.- Un liderazgo comprometido co desenvolvemento da enteira persoa.

Un liderazgo en clave de discernimento e comprometido con desenvolvemento da enteira persoa e dos educadores e dos alumnos, que transforme o modelo educativo e xere un compromiso e unión entre os educadores.

3.- Unha mirada positiva ao mundo para crear novas oportunidades, aumentar o noso valor e dar futuro a nosa misión.

Desde a mirada positiva ao mundo, imaxinamos un futuro esperanzador con novas oportunidades para desenvolver un modelo educativo audaz que responda á sociedade, medre o noso valor.

8.4. PROXECTO COLEXIO PLURILINGÜE: BEDA E ERASMUS+

Lingua estranxeira: Inglés e auxiliares de conversa.

O colexio segue a apostar por un reforzo da lingua inglesa dos nenos e nenas, contando diversas actividades entre as que destacan: auxiliares de conversa semanais en toda a etapa primaria para o reforzo da produción oral, teatro en inglés no centro e inmersións lingüísticas para o alumnado de 6º de primaria. Con este reforzo das actividades de interacción oral pretendíamos dar un impulso á aplicación práctica dos contidos que os nenos aprenden nas aulas e levalos un paso máis, de xeito que mellore a súa competencia global na lingua inglesa.

Centro Beda Excelent e Beda Kids.

No curso 2013-2014 o noso centro incluíuse no programa BEDA. O programa BEDA (Bilingual Development and Assessment) creouse hai anos en colaboración co departamento de examinación da Universidade de Cambridge, Cambridge ESOL, co fin de establecer unha entidade externa e supervisar os proxectos bilingües dos colexios membros. Dentro deste programa existen 4 niveis de participación: Model for the Reinforcement, Bilingual Model, Bilingual Excellence Model e Reference Model (recentemente implantado). Ademais conta tamén cos proxectos BEDA Cum Laude, referido ás universidades, e BEDA Kids referido á educación infantil.

Centro Beda Excelencia (Bilingual Excellence Model). Entre os seus requisitos destacan:

- Ambiente bilingüe plenamente integrado.
- Metodoloxías innovadoras.
- Alta cualificación do profesorado.
- Niveis altos nos títulos de Cambridge.
- Participación en proxectos e convocatorias europeas, intercambios...

Con respecto á realización de probas de examinación Cambridge neste curso desexamos pódanse levar a cabo.

Áreas en lingua estranxeira: Inglés. Centro plurilingüe.

Durante este curso impartiranse as seguintes áreas en inglés no centro: Physical Education, Arts and Crafts, Project and Music.

Nas áreas en lingua inglesa axuda ao desenvolvemento dos alumnos e fomenta o uso desta lingua e a adquisición de vocabulario. En canto á adquisición dos contidos propios das materias seleccionadas, desde o centro procuramos presentar os diferentes temas dunha maneira visual, utilizando diferentes recursos e experiencias que axudan ao proceso de ensinanza-aprendizaxe en lingua estranxeira.

En xeral é positivo o desenvolvemento destas materias en lingua estranxeira, xa que mellora a competencia dos alumnos nesta lingua. Ademais, debido a que a maior parte do alumnado acada os obxectivos, sabemos que o resultado xeral das seccións plurilingües é positivo.

8.5- ESTIMULACIÓN TEMPERÁ EN EDUCACIÓN INFANTIL

Consiste en proporcionar estímulos ao cerebro a través dos sentidos antes de alcanzar a madurez neurolóxica para lograr un máximo desenvolvemento das potencialidades dos nenos.

A proposta de traballo fundamentase na teoría de Glenn Doman, médico norteamericano que fundou os institutos para o desenvolvemento do potencial humano.

A idea é a necesidade de incentivar seis capacidades ou intelixencias no neno: visual, auditiva, táctil, móbil, lingüística e manual.

Para iso traballamos na aula tódolos días sistematicamente todos eses aspectos, divididos en catro programas:

1. Enciclopédico.
2. Bits de lectura.
3. Bits de matemáticas.
4. Programa motor.
5. Programa musical.

8.6-PROGRAMA DE INTELIXENCIA EMOCIONAL

Partindo da importancia que teñen as emocións e o seu control na nosa vida e na dos nosos alumnos, estamos a seguir con este proxecto para a xestión das emocións.

Pretendemos axudalos a recoñecer e controlar o emocional para convertelos en mellores persoas e se atopen presentes no aquí e agora, ante eles mesmos e ante os demais.

Deste xeito:

- Melloraremos á súa autoestima.
- Favoreceremos as súas habilidades de control emocional.
- Os faremos conscientes de quen son.
- Recoñecerán as súas emocións e ás dos outros.

8.7-PLAN ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS DE HIXIENE

O plan de actividades físicas e hábitos saudables terá por finalidade a práctica diaria de deporte e de exercicio físico e actividade física durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

Análise do contexto, situación de partida no centro en relación á práctica diaria de deporte e de exercicio físico e actividade física, a alimentación e os hábitos de vida saudable, a hixiene persoal e o descanso.

A Educación para a Saúde planéase como todas aquelas actuacións encamiñadas a favorecer nas persoas un xeito de pensar, de sentir e de comportarse que desenvolva ao máximo a súa capacidade de vivir individual e colectivamente en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural.

8.8-PLAN BENESTAR

Nun mundo globalizado e tecnolóxico caracterizado pola incertidume, son necesarias persoas consistentes que estean conectadas co sentido das súas vidas, e dispostas a comprometerse co seu coidado e transformación desde o crecemento das relacións cos demais e cunha actitude de apertura ao mundo.



Obxectivo educativo 2023-2026

O obxectivo educativo dos próximos tres cursos vincúlase a distintos aspectos deste modelo educativo.

“Fomentar na comunidade educativa o coidado da vida para facela crecer en todas as súas dimensións:

- **coidado persoal** , que leve a un crecemento interior e do sentido da vida,
- **coidado das relacións** cos demais que promovan o crecemento mutuo e
- **apertura ao mundo** a través do crecemento dunha ética do coidado, responsable de todo o creado e a súa diversidade”.

CONTEXTUALIZACIÓN:

No centro o diálogo, a interacción e o comportamento constitúense en elementos connaturais do proceso educativo. A adecuada convivencia no centro é unha condición indispensable para a progresiva maduración dos distintos membros da comunidade educativa e de aquela no seu conxunto e, por conseguinte, para a consecución dos obxectivos propios do centro. A convivencia considerámola coma un fin educativo a

traballar. É un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental en todo o proceso educativo.

8.9-PROGRAMA PROA+

SEGUINDO A ORDE do 10 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a centros privados concertados para a contratación de profesorado de apoio e reforzo PROA+ nos cursos 2024/25 e 2025/26 no marco do Programa de emprego, educación, formación e economía social do Fondo Social Europeo Plus (FSE+) no período de programación 2021-2027 (código de procedemento ED301M).

E Os principios pedagóxicos PROA+ (Lomloe):

- A equidade que garanta a igualdade de oportunidades no acceso, o proceso e os resultados educativos, e a non segregación dentro dos centros.
- A educación inclusiva como principio fundamental, de maneira que todo o alumnado aprenda conxuntamente e se atenda a súa diversidade.
- Expectativas positivas sobre as posibilidades de éxito de todo o alumnado.
- Acompañamento e orientación, prevención e detección temperá das dificultades de aprendizaxe, e posta en marcha de mecanismos de reforzo cando se detectan as dificultades.
- Relevancia da educación socioemocional para a aprendizaxe e benestar futuros.
- Emprego do coñecemento acumulado para a mellora continua do proceso de ensino aprendizaxe.



Plan de Refuerzo Educativo PROA+ para Primaria - Colexio Jesuitinas EN DOCUMENTO
ENGADIDO.

**Programación Xeral Anual aprobada en Claustro do día 23 de setembro e informado
no Consello Escolar do 30 de setembro do 2025.**

A presidenta do Consello Escolar



Fdo. Emma Quiroga Blanco

Comisión da Convivencia

A comisión da convivencia reúnese o 29 de setembro 2025 anterior ao Consello Escolar.

Membros:

María Figueroa Naveira
Gabriel Bas Ayala
Marta Blanco de Azpiazu
Lucía Vedia Baliñas
Andrés ferreiro Babarro
María Jesús Sánchez Chouza
Emma Quiroga Blanco

Revísase o Plan de Convivencia* para este curso 25-26 e aprobámolo.
Revísase así mesmo o Plan de actividades físicas e o Plan de Benestar* para este curso 25-26.

*adxúntanse